



# **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Ciencias**

**Curso Académico: 2019-2020**

## Índice

1.	Introdución .....	2
1.1.	Compromiso da Facultade de Ciencias co desenvolvemento do SGC .....	2
1.2.	Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade .....	2
1.3.	Estrutura da Facultade de Ciencias para o desenvolvemento do SGC.....	2
1.4.	Cambios na oferta de títulos impartidos no centro.....	5
2.	Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.....	6
	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	6
	<b>Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....</b>	<b>9</b>
	<b>Formulación de accións de mellora para o curso 2020-21 .....</b>	<b>9</b>
	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos .....	10
	<b>Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos</b>	
	<b>indicadores de calidade. ....</b>	<b>10</b>
	<b>Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....</b>	<b>19</b>
	<b>Formulación de accións de mellora para o curso 2019-20 .....</b>	<b>19</b>
	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	20
	<b>Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos</b>	
	<b>indicadores de calidade. ....</b>	<b>20</b>
	<b>Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....</b>	<b>58</b>
	<b>Formulación de accións de mellora para o curso 2019-20 .....</b>	<b>59</b>
	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....	60
	<b>Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos</b>	
	<b>indicadores de calidade. ....</b>	<b>60</b>
	<b>Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....</b>	<b>62</b>
	<b>Formulación de accións de mellora para o curso 2019-20 .....</b>	<b>62</b>
	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	63
	<b>Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos</b>	
	<b>indicadores de calidade. ....</b>	<b>63</b>
	<b>Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....</b>	<b>65</b>
	<b>Formulación de accións de mellora para o curso 2020-21 .....</b>	<b>65</b>
	Directriz 6. Información pública.....	66
	<b>Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos</b>	
	<b>indicadores de calidade. ....</b>	<b>66</b>
	<b>Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior .....</b>	<b>67</b>
	<b>Formulación de accións de mellora para o curso 2020-21 .....</b>	<b>67</b>
3.	Plan de Melloras do centro.....	68
4.	Modificacións nos diferentes títulos.....	89
5.	Listaxe de evidencias e indicadores .....	90

## 1. Introducción

### 1.1. Compromiso da Facultade de Ciencias co desenvolvemento do SGC

A Facultade de Ciencias é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario. Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu Plan Estratéxico) a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía de Calidade (SGC) marcándose como principal obxectivo do mesmo o desenvolvemento de programas formativos (graos e másteres) que estean avalados pola calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

De acordo co Proceso PE-02 Revisión e Mellora, a análise de funcionamento do SGC de forma global queda recompilada na Memoria de Calidade do Centro, que pecha o ciclo de calidade anual da Facultade.

Deste xeito, unha vez analizados os resultados dos títulos (PC-05 Análise dos resultados e mellora dos programas) e unha vez formuladas as accións de mellora derivadas do proceso anterior por parte de cada unha das titulacións do centro, correspóndelle á Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias levar a cabo unha análise global do SGC.

O equipo decanal desta Facultade adquiriu o compromiso permanente coa mellora continua da xestión administrativa e dos seus programas formativos. Para isto tamén conta coa Comisión de Calidade, órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do Sistema de Garantía de Calidade do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.

### 1.2. Procedemento de elaboración da Memoria de Calidade

A finais de 2017 a Comisión de Calidade comezou a elaboración da Memoria de Calidade do Centro enmarcado no Programa Piloto de Seguimento Institucional destinado aos centros da USC que foran sometidos no 2017 ao proceso de certificación de implantación do SGC. A Memoria de Calidade dende o curso 2016-2017, recolle a información relativa ao Sistema de Garantía de Calidade (SGC), ao seguimento dos títulos impartidos no centro e o Plan de Melloras do Centro (revisión das accións de mellora do curso e novas propostas para o curso seguinte.

Esta Memoria de Calidade, correspondente ó curso 2019-2020, segue unha estrutura, moi semellante ao modelo dos cursos anteriores, de acordo a un novo modelo establecido pola ACSUG mirar. A memoria foi elaborada e aprobada pola Comisión de Calidade con data 12/05/2021 e sometida a aprobación da Xunta de Facultade o 04/06/2021.

### 1.3. Estrutura da Facultade de Ciencias para o desenvolvemento do SGC

#### Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación do SGC durante o curso 2019-2020 atangue a todas as titulacións impartidas no centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade e que estiveron vixentes durante o curso 2019-2020 foron:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI).
- Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD).

- Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental (MPRLSM).
- Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos (MEPA).
- Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA).

### Documentación de referencia.

Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGC, ademais do Manual do SGC e do Manual de Procesos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se inclúe a continuación:

([https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0313\\_graos\\_memorias.html](https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0313_graos_memorias.html)):

- Memoria do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.
- Memoria do Grao en Nutrición Humana e Dietética.
- Memoria Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental.
- Memoria Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos.
- Memoria Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias.
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias.

([https://pro-assets.usc.azureedge.net/cdn/ff/UF4fAVPi8Pt\\_7brsw9zTFBmf48R4ib4ooVdNkVqKdU/1619607599/public/documents/2021-04/regulamento-rexime-interno-fac-de-ciencias.pdf](https://pro-assets.usc.azureedge.net/cdn/ff/UF4fAVPi8Pt_7brsw9zTFBmf48R4ib4ooVdNkVqKdU/1619607599/public/documents/2021-04/regulamento-rexime-interno-fac-de-ciencias.pdf))

Os órganos de goberno, comisións e responsables que interveñen directamente no desenvolvemento do SGC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade do Centro, as Comisións de Título, o/a Responsable de Calidade do Centro e os/as Coordinadores/as de Título. As funcións de todos eles, relacionadas co desenvolvemento do SGC, poden consultarse no Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade:

(<https://pro-assets.usc.azureedge.net/cdn/ff/FyhXHHQMqbiDQ4r7CPI8aU7WpSpF494mx43xiAILZ08/1619787781/public/documents/2021-04/manual-sgc-facciencias.pdf>)

De seguido sinálanse tanto a composición actual como as funcións da Comisión de Calidade do Centro.

### Membros da Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Decano/a da Facultade de Ciencias (presidente/a)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Os Coordinadores de Título (GEPQI, GNHD, MEPA, MPRL e SM e MINSTA)

Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamento da Facultade de Ciencias

1 profesor/a por cada título (GEPQI, GNHD, MEPA, MPRL e SM e MINSTA)

1 alumno/a por cada título (GEPQI, GNHD, MEPA, MPRL e SM e MINSTA)

1 egresado/a por cada título (GEPQI, GNHD, MEPA, MPRL e SM e MINSTA)

1 membro externo por cada título (Decano do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo, Presidente do Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia, Presidente da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais, Representante do Clúster Alimentario de Galicia).

### **Funcións da Comisión de Calidade:**

- Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC no centro.
- Elaborar a memoria de calidade do centro (MCC)
- Fomentar a realización e o seguimento periódico do plan de melloras anual do centro.
- Estimular a participación de todos os colectivos implicados na avaliación e mellora da calidade das titulacións que se imparten no centro.
- Realizar o seguimento dos resultados do centro.
- Propoñer ao equipo de dirección a información que debe ser pública.
- Informar favorablemente, ou propoñer modificacións se é o caso, dos informes de resultados ou seguimento/acreditación elaborados polas comisións de título.

### **Cambios na Comisión de Calidade durante o curso 2019-20**

Durante o curso 2019-2020 non houbo cambios na comisión debido á situación provocada pola COVID-19.

### **Reunións da Comisión de Calidade, correspondentes á presente Memoria de Calidade 2019-2020:**

**6 de novembro de 2019.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Informes.
2. Estado actual das propostas de mellora.
3. Informe do plan de captación de estudantes do curso 2018/2019.
4. Plan de captación de estudantes para o curso 2019/2020.
5. Informe do plan de acción tutorial do curso 2018/2019.
6. Plan de acción tutorial para o curso 2019/2020.

**5 de decembro de 2019.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Modificación da memoria e respostas ao informe previo de envío a verificación da Secretaría Xeral de Universidades para o Grao en Bioquímica.
2. Modificación da adscrición inicial de materias a áreas de coñecemento do Grao en Bioquímica.

**4 de maio de 2020.** Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

3. Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.
4. Ratificación da memoria do programa de grao aberto 5USC Enxeñaría.
5. Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade correspondente ao curso 2018-2019.
6. Aprobación se procede das modificacións do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade.
7. Aprobación se procede do Informe de incidencias da Facultade correspondente ao curso 2018-2019.
8. Información sobre o estado das Accións de Mellora do curso 2019-2020.
9. Rogos e preguntas.

**25 de xuño de 2020.** Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Proposta de Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias.

**16 de decembro de 2020.** Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación se procede do Plan Estratéxico Ponte e Plan de Mellora Anual.
4. Información sobre o estado das Accións de Mellora do curso 2019-2020 e das novas accións a desenvolver no curso 2020-2021.
5. Rogos e preguntas.

#### 1.4. Cambios na oferta de títulos impartidos no centro

Durante o curso 2017-18, seguindo os procedementos recollidos no SGC, a normativa establecida pola Universidade de Santiago de Compostela e de acordo coa guía de elaboración de memorias para a verificación de títulos universitarios da ACSUG, a Facultade de Ciencias elaborou a memoria do Máster Universitario en Enxeñaría do Procesado de Alimentos. Esta memoria, despois de ser aprobada polo consello de Goberno da USC e recibir o informe favorable previo a verificación por parte da ACSUG (26 de setembro de 2018) foi verificada polo Consejo de Universidades con data 5 de xuño de 2019 e despois de ser autorizada a súa implantación, comezou a impartirse no curso 2019-20.

No curso 2018-2019, debido á falta de solucións (e máis concretamente de novas fontes de financiamento) para continuar coa oferta do Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental (MPRLSM), e de acordo co proceso institucional da USC *PI-01 Deseño, modificación e extinción de programas*, a USC decidiu a extinción do MPRLSM, e posteriormente a súa revogación segundo a Orde do 11 de decembro de 2018 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (DOG nº 241 de 19 de decembro de 2018, páx. 52868). No curso 2019-20 presentáronse os dous últimos Traballos Fin de Máster (TFM) e rematouse co proceso de extinción.

Tamén cabe sinalar que durante o curso 2018-2019, seguindo os procedementos recollidos no SGC, a normativa establecida pola Universidade de Santiago de Compostela e de acordo coa guía de elaboración de memorias para a verificación de títulos universitarios da ACSUG, a Facultade de Ciencias elaborou a memoria do Grao en Bioquímica (GBioq). Esta memoria, despois de ser aprobada polo consello de Goberno da USC e recibir o informe favorable previo a verificación por parte da ACSUG (7 de xaneiro de 2020) foi verificado o 18/05/2020 polo Consejo de Universidades e foi implantado no curso 2020-2021.

A Facultade de Ciencias, xunto coa Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, ambas do Campus de Lugo, decidiron entón ofertar o Grao Aberto 5USC Enxeñarías, no que participan os graos en Enxeñaría Civil, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Enxeñaría Agrícola e Agroforestal, Robótica e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais.

A USC aprobou a memoria deste grao aberto o 22 de abril de 2020, e a Xunta de Galicia aprobou a súa implantación no curso 2020/2021. Compre dicir xa que o grao aberto completou todas as prazas ofertadas no ano da súa implantación.

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.**

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

#### Vixencia da Política de Calidade.

Durante o curso académico 2019-2020, a Facultade de Ciencias continuou dirixindo o seu esforzo e traballo á consecución da satisfacción das necesidades e expectativas dos seus grupos de interese, comprometéndose a empregar tódolos recursos técnicos, económicos e humanos dos que dispón, baixo os principios de responsabilidade, integración, participación, igualdade, orientación ao alumno, excelencia e transparencia. Estes principios continúan sendo os piares sobre os que se fundamenta a nosa política de calidade e sobre os que desenvolvemos o noso traballo.

Non obstante, no proceso de elaboración do Plan Estratéxico da Facultade, estase definindo mais polo miúdo a misión, visión e valores que a Facultade, como centro de educación superior, desexa transmitir á sociedade.

#### Plan estratéxico do centro.

De acordo co proceso PE-01, Planificación Estratéxica, a Facultade debe “Elaborar, aprobar, realizar o seguimento e actualización da planificación estratéxica do centro co fin de que lle permita establecer a súa misión e os valores baixo os que acadar a súa visión, así como aliñar a súa planificación coa política e os obxectivos xerais da Universidade de Santiago de Compostela, realizando as consultas necesarias cos diferentes grupos de interese.

Dentro do curso 2017-2018, e englobada na acción de mellora AMF1718-1 proposta para a realización do Plan Estratéxico do Centro, foi aprobada a análise DAFO na reunión da Comisión de Calidade do 9 de maio de 2018.

A acción de mellora AMF1819-1, proposta para o curso 2018-2019, estendeuse ao curso 2019-2020 (**AMF1920-1**). O motivo do retraso da elaboración do plan estratéxico da Facultade foi a inminente publicación do novo Plan Estratéxico

(2021-2030) da universidade, e os obxectivos estratéxicos do centro deberán estar aliñados con algún dos que figuran no Plan Estratéxico (PE) da USC. Debido ao retraso na elaboración do plan estratéxico da USC, esta publicou o 07/10/2020 unha resolución reitoral para que os centros sen plans estratéxicos previos formularan unha Planificación Estratéxica Ponte que desenvolva as accións que serán abordadas polo centro ata 2022. A Facultade de Ciencias presentou o seu Plan Estratéxico Ponte na Comisión de Calidade do 16/12/2020, e foi aprobado na Comisión de calidade delegada do Consello de Goberno no 03/03/2021.

### **Evolución e grao de cumprimento do Plan de Melloras**

Todas as accións de mellora propostas para o curso 2018-2019 quedaron executadas na memoria correspondente ao curso 2019-20 excepto a acción de mellora **AMF1920-1**, que se refire ao Plan estratéxico do Centro, polos motivos indicados anteriormente que foi executada con retraso en decembro de 2020. Todas as accións de mellora propostas para o curso 2019-2020 foron executadas con eficacia.

### **Revisións do SGC**

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) aprobou o primeiro Sistema Marco de Garantía Interna de Calidade en decembro de 2009 e de seguido comezou a instauración destes sistemas en tódolos seus centros. Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Ciencias elaborou o seu Sistema de Garantía Interna de Calidade, como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos seus grupos de interese, resultando aprobado pola Comisión de Calidade do Centro o 9 de setembro de 2011 e pola Xunta de Facultade o 15 de setembro de 2011. Posteriormente continuou o seu trámite no Consello de Goberno da universidade (7 de novembro de 2011) e o seu deseño foi avaliado positivamente pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia con data 30 de maio de 2012, emitíndose certificación sobre o mesmo o 13 de decembro de 2012.

O 31 de maio de 2013 a Comisión de Calidade e Planificación, delegada do Consello de Goberno da Universidade, aprobou unha revisión do SGC marco da USC, quedando configurado polo manual extenso, manual simplificado e o manual de procedementos, ao que a Facultade de Ciencias se adaptou o 23 de outubro do 2013. Deste xeito simplifícase a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao Manual de Procesos e Procedementos Marco da USC. Nesta modificación do SGC da Facultade tamén se definiu a política de calidade do centro, que segue vixente na actualidade.

A Comisión de Calidade e Planificación da USC aprobou, nunha reunión celebrada o 3 de outubro de 2014, os cambios introducidos no Manual simplificado do SGC, froito da revisión do sistema. Estes cambios afectaron só ao apartado 5 denominado Indicadores.

Derivado desta modificación e das recomendacións suxeridas polas subcomisións avaliadoras nos procesos de renovación de acreditación a Facultade levou a cabo unha revisión do SGC que foi aprobada pola Xunta de Facultade o 21 de xullo de 2015.

Inmediatamente despois, o 29 de xullo de 2015 foi aprobada en Consello de Goberno a terceira versión do Manual de Procesos e Procedementos do Sistema de Garantía Interna da Calidade marco. Fundamentalmente os cambios consistiron nunha actualización da normativa relacionada e dos indicadores asociados a cada proceso/procedemento para que reflectiran os cambios producidos no Manual Simplificado. Ademais o proceso PC-02 Revisión da oferta académica foi modificado completamente para axustarse á normativa de modificación da ACSUG e da USC.

Estas modificacións derivaron nunha nova revisión do SGC da Facultade de Ciencias que foi aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación da USC o 27 de abril de 2017.

Deste xeito a documentación da Facultade de Ciencias quedaba configurada pola documentación marco e o seu manual



específico: “Manual Simplificado do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias”, “Manual Extenso do Sistema Marco de Garantía de Calidade” e o “Manual de Procesos e Procedementos”.

Durante o curso 2016-17 a Facultade de Ciencias someteuse ao procedemento de certificación de implantación do SGC, descrita no seguinte apartado e a consecuencia do mesmo levouse a cabo a derradeira revisión do SGC da Facultade. A partir dese instante o centro fai unha revisión do SGC en cada curso académico.

As modificacións do SGC correspondentes ao curso 2019-20 que se relacionan a continuación foron aprobadas pola Comisión de Calidade e Planificación do Consello de Goberno o 30/09/2020:

- A modificación da lista de departamentos implicados na docencia da Facultade de Ciencias
- A modificación da composición de Comisión de Calidade incluíndo o Coordinador de Calidade
- A inclusión da nova comisión de título para do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos.
- A desaparición da comisión de título de MPRL e SM.
- A inclusión no organigrama da Facultade da Comisión de Igualdade de Xénero.

### **Certificación de implantación do SGC**

O 24 de setembro de 2015 a Comisión de Calidade do centro valorou a posibilidade de presentarse voluntariamente ao procedemento de certificación de implantación do SGC unha vez que se tiña acadado a acreditación dos títulos que se imparten no centro. Por prudencia, e mentres non se tiña mais avanzada a elaboración do Plan estratéxico do centro así como unha información mais detallada das futuras liñas de actuación do Campus Terra, a Comisión decidiu pospoñer este proceso durante un curso académico.

O 27 de setembro de 2016 a Xunta de Facultade aprobou presentarse voluntariamente ao procedemento de certificación de implantación do SGC ao cal se someteu durante o curso 2016-2017. A consecuencia disto, tanto o SGC da USC como o da Facultade víronse sometidos a un profundo proceso de modificación e revisión.

O 22 de febreiro de 2018 a Comisión de Calidade e Planificación da USC aprobou a revisión e simplificación do Manual Extenso, así como a supresión de procesos e procedementos obsoletos. Paralelamente a isto, a Comisión de Calidade do centro tamén aprobou a revisión do SGC da Facultade o 22 de marzo de 2018 sendo ratificado pola Xunta de Facultade o 3 de abril de 2018 e posteriormente remitida a Área de Calidade e Mellora de Procedementos para sometela a aprobación da Comisión de Calidade e Planificación da USC.

A Facultade de Ciencias obtivo con data 25 de xuño de 2018 a Certificación de Implantación do SGC con validez ata o ano 2023.

En canto á Acreditación Institucional, o 30 de outubro de 2018 obtívose Informe favorable de Acreditación Institucional da ACSUG e o Consejo de Universidades por resolución do 28 de xaneiro de 2019 declarou a acreditación institucional da Facultade de Ciencias que deberá renovarse antes de 5 anos. De cara ao futuro tanto a Comisión de título como a Facultade están analizando as posibilidades de solicitar a acreditación Euro ACE para o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais.

### Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

Na Memoria de Calidade 2018-19, formúlase a acción de mellora **AMF1920-1** (código anterior **AMF1819-1**) que consiste na elaboración do Plan estratéxico da Facultade de Ciencias. Esta acción deriva da análise realizada polas Subcomisións Avaliadoras da Renovación de Acreditación dos Títulos da Facultade de Ciencias.

- **AMF1920-1.-** Elaboración e aprobación do plan estratéxico e da Facultade de Ciencias. Executada con eficacia. Data finalización: 16/12/2020.

### Formulación de accións de mellora para o curso 2020-21

A Comisión de Calidade acordou non propoñer ningunha nova acción relativa a esta directriz para o curso 2020-21. Pero sí no curso 2021-22 tal como se recolle Plan de Mellora Anual 2020-22 da Facultade de Ciencias.

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/IXJf7RMxKDOqPzsP21lkJnB8cnY75qGunhb3b9bSJY/1621337336/public/documents/2021-05/Plan-Estrat-Ponte-e-Plan-de-Mellora-Anual-FacCiencias.pdf>

A información completa das accións de mellora amósase no apartado 3, Plan de Melloras do centro.

## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.**

### Revisión e mellora dos Programas Formativos. Cumprimento das guías docentes

Durante o curso 2019-20, e de acordo co PE-02 do Manual de Procesos de Centro, as comisións de título, supervisadas pola Comisión de Calidade do centro, levaron a cabo a revisión e mellora dos programas formativos, para garantir o cumprimento das memorias verificadas ao mesmo tempo que, tendo en conta os resultados obtidos e as necesidades dos diferentes grupos de interese, procedían a análise e avaliación das súas posibles modificacións. Un aspecto importante deste seguimento foi a aprobación e supervisión do cumprimento da guías docentes de acordo cos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que figuran nas memorias dos títulos.

A docencia desenvolveuse consonte ao planificado no programa formativo, e seguindo o establecido nas guías docentes das materias ata o 15 de marzo de 2019, verbo do confinamento decretado polas autoridades sanitarias debido a pandemia COVID-19. Con este motivo, entre esta data e o 6 de abril, desenvóléronse unha serie de accións, encamiñadas a impartición das materias en curso (de abril a xuño) mediante docencia on-line. Para elo:

- Levouse a modificación das guías docentes das materias en curso co fin de recoller nas mesmas o novo escenario de docencia on-line empregando as ferramentas informáticas dispoñibles na USC: fundamentalmente a plataforma TEAMS, o campus virtual e calquera outro medio telemático.
- Na mesma modificación estableceuse o procedemento de avaliación do alumnado, que consonte as recomendacións das autoridades académica había de ser preferiblemente mediante avaliación continúa.
- A totalidade das guías docentes modificadas incluíndo os aspectos antes indicados quedaron subidas á rede e a dispor do alumnados e outros grupos de interese a partires do 6 de abril de 2019.

Logo dun breve curso de formación ao profesorado, mediante videos explicativos de docencia on-line, dende finais do mes de marzo retomouse a docencia das materias do grao, todas elas en docencia on-line a través de TEAMS e respectando o horario docente aprobado previamente. Asemade, naquelas materias que incluían prácticas de laboratorio, éstas foron impartidas de xeito virtual, empregando materiais dispoñibles na rede como videos didácticos, demostración sinxelas, ou traballos de búsqueda e revisión de bibliografía.

Por outra banda, nos Informes de Coordinación anexados as actas das comisións de título, deixase constancia do traballo desenvolvido polos coordinadores de módulo, de curso e de título e nos que se reflicten todos aqueles aspectos que deben ser obxecto de análise por parte da comisión e/ou problemas aos que se lle debe dar unha solución para garantir o normal desenvolvemento dos programas formativos.

A análise dos resultados de cada un dos programas formativos correspondentes aos títulos impartidos no centro descríbese no apartado seguinte (directriz 3: Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado).

#### ✦ **Grao en Bioquímica (GBioq): Deseño do programa formativo**

O 30 de outubro de 2017 o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e os reitores das 3 universidades do SUG presentaron publicamente a Mellora do mapa de titulacións do SUG para o período 2017-2021, que constitúe o primeiro paso nun camiño de mellora continua para lograr un sistema moderno, adaptable aos cambios e que responda ás demandas da sociedade. Entre as principais medidas contemplaba a introdución de 14 novos graos adaptados á especialización dos campus e a perfís de futuro con alta empregabilidade, entre os cales se atopa o Grao en Bioquímica previsto para a Facultade de Ciencias do Campus de Lugo.

Con este novo título preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- Ofrecer ao alumnado un coñecemento de todas as áreas relacionadas coa Bioquímica e a Bioloxía Molecular en sectores tan diversos como: alimentario, biosanitario, cosmético, farmacéutico, medio ambiental e químico.
- Formar ao alumnado para poder realizar traballos e estudos en calquera área vinculada á Bioquímica e a súa relación cos seres vivos, en boa concordancia cos perfís definidos no Libro Blanco do Título de Grao en Bioquímica. Estes perfís contemplan unha amplo abano de actividades profesionais como poden ser: o ensino, a investigación, o traballo en laboratorios de I+D+i, na industria farmacéutica e noutros sectores.
- Constituír unha oferta de grao complementaria aos graos e másteres xa existentes no Campus Terra.
- Aproveitar os recursos materiais e humanos existentes no Campus Terra.
- Posibilitar a retención de talento de xeito que o capital humano captado poida investirse no desenvolvemento dos grupos de investigación do Campus Terra.

Durante os cursos 2018-19 e 2019-20, seguindo os procedementos recollidos no SGC, a normativa establecida pola Universidade de Santiago de Compostela e de acordo coa guía de elaboración de memorias para a verificación de títulos universitarios da ACSUG, a Facultade de Ciencias elaborou a memoria de Grao en Bioquímica.

No curso 2020-2021 levouse a cabo a implantación do Grao en Bioquímica. Debido a que neste curso académico aínda no se completou o primeiro curso, nos vindeiros cursos farase unha valoración máis exhaustiva na que se poderán ter en conta tódolos aspectos relacionados co desenvolvemento do programa formativo e que farán reflexionar sobre a necesidade ou non de levar a cabo modificacións do devandito programa

#### ✦ **GEPQI: Modificación do plan de estudos.**

O Decreto 222/2011 sinala que as ensinanzas universitarias oficiais de grao deberán contar cun número anual de estudantes de novo ingreso igual ou superior a 45 alumnos nos campus periféricos como é o caso do Campus Terra. O GEPQI presentou un Plan de Viabilidade por non cumprir cos requisitos antes mencionados. Neste Plan, que foi

aprobado pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia o 30 de outubro de 2015, contéplase compartir 90 ECTS nos dous primeiros cursos cos títulos de Grao en Enxeñaría Civil e Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía, tamén do Campus de Lugo.

No caso do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI), de acordo cos procesos e procedementos do SGC, aproveitouse esta circunstancia para incorporar a memoria do título tódalas modificacións non substanciais realizadas ata o momento, así como tódalas recomendacións e suxestións que ao respecto foran efectuadas pola subcomisión de avaliación no proceso de Renovación da Acreditación.

**Seguimento do Plan de Viabilidade:** O 30 de xaneiro de 2017 a Xunta de Facultade aprobou o autoinforme de Seguimento do Plan de Viabilidade elaborado pola Comisión de Título correspondente ao curso 2015-16. A Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade, como resultado da avaliación do autoinforme e do cumprimento dos obxectivos do Plan de Viabilidade, emitiu un Informe de Seguimento en termos favorables con data 28 de xullo de 2017.

No comezo do curso 2017-2018, o novo plan de estudos do GEPQI atopouse en fase de implantación e tódolos detalles relativos ao Plan de Viabilidade pode consultarse no seguinte enlace:

[https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/HK10ECKV7C7LPUh9xfSE3KDK0bqWNnZMQLetCC3IVl/1621930672/public/documents/2021-05/GEPQI\\_MEMORIA\\_PLAN\\_DE\\_VIABILIDADE.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/HK10ECKV7C7LPUh9xfSE3KDK0bqWNnZMQLetCC3IVl/1621930672/public/documents/2021-05/GEPQI_MEMORIA_PLAN_DE_VIABILIDADE.pdf)

De acordo co Plan de Viabilidade, no curso 2017-18, estaba prevista a oferta do dobre grao en Enxeñaría Civil e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais. A Secretaría Xeral de Universidades (SXU) non permitiu levar a cabo a implantación do dobre título polo que o desenvolvemento do Plan de Viabilidade quedou truncado.

Na publicación do “Mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia”, en outubro de 2017 o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais non estaba afectado nin por duplicidade nin por baixa demanda, como mostran os resultados reflectidos nos Informes de cumprimento do Plan de Viabilidade. Sen embargo, esta publicación tivo repercusión para o Centro e fixo necesario reflexionar máis profundamente sobre a misión da Facultade.

**Grao Aberto:** O 20 de novembro de 2019, a Secretaría Xeral de Universidades anunciou a posibilidade de ofertar graos abertos no SUG e as características e condicións que debían cumprir para poder ser ofertados no curso 2020-2021.

A Facultade de Ciencias, xunto coa Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, ambas do Campus de Lugo, decidiron entón ofertar o Grao Aberto 5USC Enxeñarías, no que participan os graos en Enxeñaría Civil, Enxeñaría Forestal e do Medio Natural, Enxeñaría Agrícola e Agroforestal, Robótica e Enxeñaría en Procesos Químicos Industriais.

A USC aprobou a memoria deste grao aberto o 22 de abril de 2020, e a Xunta de Galicia aprobou a súa implantación no curso 2020/2021. Compre dicir xa que o grao aberto completou todas as prazas ofertadas no ano da súa implantación.

✧ **GNHD: Revisión e mellora do Programa Formativo.**

Derivado da análise de resultados do título durante o curso 2019-20 e tendo en conta as reflexións desenvolvidas en cursos anteriores , a comisión de título non considerou necesario levar a cabo ningunha modificación do programa formativo.

✧ **Máster en Enxeñaría do Procesado de Alimentos (MEPA): verificación e implantación.**

Durante o curso 2017-18, seguindo os procedementos recollidos no SGC, a normativa establecida pola Universidade de Santiago de Compostela e de acordo coa guía de elaboración de memorias para a verificación de títulos universitarios da ACSUG, a Facultade de Ciencias elaborou a memoria do Máster Universitario en Enxeñaría do

## Procesado de Alimentos.

A correspondente memoria do MEPA, despois de ser aprobada polo Consello de Goberno da USC e recibir o informe favorable previo á verificación por parte da ACSUG (26 de setembro de 2018) foi verificada por Resolución de 05 de xuño de 2019, do Consello de Universidades. Consonte o indicado, o título implantouse no curso 2019-20. Asemade, compre sinalar que para o seguimento do desenvolvemento do programa formativo foi proposta unha comisión de título na Xunta de Facultade dom 15 de maio de 2019. A devandita comisión académica do MEPA foi nomeada por resolución Rectoral de 11 de xuño de 2019.

No curso 2019-2020 levouse a cabo a implantación do novo Máster en Enxeñaría do Procesado de Alimentos (MEPA) sen incidencias dignas de mención. Neste curso a primeira promoción desenvolveu o programa formativo correspondente que incluiu as materias obrigatorias no primeiro cuatrimestre, en total 30 créditos ECTS, completando o curso con outros 30 créditos ECTS correspondentes a materias optativas impartidas no segundo cuatrimestre.

### ✧ **MINSTA: Implantación do plan de estudos.**

No curso 2017-2018 levouse a cabo a implantación do novo Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentaria. No curso 2019-2020 a segunda promoción realizou o terceiro semestre co desenvolvemento do programa formativo correspondente ás prácticas externas e Traballo Fin de Máster.

Xa tendo dúas promocións, nunha valoración inicial, tendo en conta tódolos aspectos relacionados co desenvolvemento do programa formativo, constatouse que as guías docentes estanse cumprindo. Non se considera necesario levar a cabo modificacións do devandito programa polo momento.

Os procedementos de coordinación implican comunicacións e reunións frecuentes entre o coordinador do máster, alumnos e profesores.

## **Análise do perfil real de ingreso**

A análise do perfil real de ingreso lévase a cabo a nivel de título e desenvólvese a continuación para cada unha das titulacións do centro.

### ✧ **Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**


No curso 2019/2020 iniciaron os estudos do grao un total de 20 estudantes, e todos principiaban estudos na universidade.

Dos estudantes de nova matrícula, 16 proceden do Bacharelato e 3 de Formación Profesional, e segundo os datos proporcionados pola CIUG, 15 deles elixiron este grao en 1ª opción. Por outra banda, compre dicir que un non procede da comunidade autónoma de Galicia e outro é estranxeiro.

Indicar que os datos facilitados pola CIUG (2502236\_INF.CIUG\_2019-2020.pdf) revelan que entre os novos estudantes do grao a porcentaxe de mulleres é do 42%, de xeito tal que se mantén unha proporción global de mulleres no título do 57%, valor moi superior ao 25% de media estatal que para os estudos de enxeñaría indican os datos do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU).

Os datos da CIUG amosan tamén que a nota media de acceso desta cohorte de estudantes foi de 7,35 (sobre 14), cun 78,95% dos estudantes con nota superior a 6; destaca que os tres estudantes procedentes de Formación Profesional accederon cunha nota case un 9% inferior á media indicada anteriormente.

En todo caso, a variación da matrícula de inicio de estudos respecto ó curso anterior sería preocupante senón fose porque os datos provisionais de matrícula do curso 2020-2021 amosan unha repunta cara o valor medio dos derradeiros cinco anos (32 estudantes si se inclúen os do grao aberto matriculados en materias do GEPQI), de aí que, tal e como reflexa ó gráfico seguinte, os datos xerais de matrícula amosen certa estabilización en torno a un valor medio de 30 estudantes por ano.



Evolución dos datos de matrícula nos derradeiros cinco anos.

#### ✧ Grao en Nutrición Humana e Dietética

Segundo os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (2502222\_INF.CIUG\_2019-2020), no curso 2019-20 matriculáronse de novo ingreso na cota xeral un total de 55 estudantes (108% das 51 prazas dispoñibles), así como 1 titulado universitario (100% das prazas dispoñibles), 1 deportista de alto nivel (50% das prazas dispoñibles) e 2 alumnos con distintas discapacidades (67% das 3 prazas dispoñibles). Non se ocupou ningunha das 3 prazas dispoñibles para maiores de 25 anos, maiores de 40 anos e maiores de 45 anos. A meirande parte dos alumnos procedían do Bacharelato (40 dos 55 alumnos da cota xeral, 73%). Desde Formación Profesional accederon 15 dos 55 alumnos da cota xeral (27%). A oferta total de prazas fixouse no curso 2012-13 en 60 alumnos (40 nos cursos 2010-11 e 2011-12), e a taxa de ocupación das mesmas foi sempre igual ou superior ao 80% (95% no curso 2019-20), con taxas de variación interanual de +1,79%, +1,75%, -5,17% e -9,09% e +14% para os cursos 2015-16, 2016-17, 2017-18 2018-19 e 2019-20, respectivamente, contabilizándose 461 solicitudes para 63 prazas neste último curso. Por sexos, a tendencia desde a implantación da titulación é similar, aínda que con importantes variacións interanuais, á distribución media a nivel nacional para as titulacións da rama de Ciencias da Saúde (70,3% de mulleres no curso 2018-19, segundo o documento "*Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2019-2020*", publicado polo MU), con porcentaxes de alumnas no GNHD do 73% (2015-16), 69% (2016-17), 67% (2017-18), 72% (2018-19) e 64% (2019-20).

Por orixe xeográfica (2502222\_INF.16\_2019-2020), os alumnos matriculados no grao proceden maioritariamente de Galicia (83,3%), especialmente das provincias da Coruña (41,2%), Lugo (29,3%) e Pontevedra (23,7%), en claro contraste cos alumnos procedentes da provincia de Ourense, que representan só un 5,6% da matrícula, polo que de novo parece necesario realizar un maior esforzo na difusión do GNHD entre os alumnos de bacharelato desta provincia. Cabe destacar que o alumnado procedente doutras CC.AA. (IN09G) mantense por encima do 15%, representando no curso 2019-20 un 17,2% do total de matriculados no grao, fronte a tan só un 5,7% para o curso 2010-2011. O alumnado estranxeiro, pola súa parte (IN08G), representa un 1,8% do total. Se consideramos só os alumnos de primeiro curso (2502222\_INF.CIUG\_2019-2020), no 2019-20 a matrícula na cota xeral procede nun 72,7% de Galicia, nun 20,0% doutras CC.AA. e nun 7,2% doutros países.

Os datos proporcionados pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (2502222\_INF.CIUG\_2019-2020) amosan que no

curso 2019-20 o 81,3% dos alumnos matriculados elixiron este grao en 1ª ou 2ª opción (55,9% e 25,4%, respectivamente), o que constitúe a porcentaxe máis elevada dende a implantación do GNHD.

De acordo coa mesma fonte, a nota media de acceso (sobre 14) da cohorte de estudantes da cota xeral (55 alumnos) foi de 9,25  $[(9,275 \times 0,73) + (9,194 \times 0,27)]$ , cun 49,1% cunha nota entre 8 e 9, e un 50,9% con nota superior a 9. En conxunto, e como ven ocorrendo desde o curso 2015-16, o 100% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6 (IN07C).

#### ✦ **Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos**

O MEPA realizou unha oferta de prazas para o curso de referencia de 25, consonte o indicador IN01M. O número de estudantes matriculados foi un total de 5 (Ind IN02M). este baixo número de estudantes respecto da oferta de prazas pode explicarse pola imposibilidade de facer difusión da titulación nos meses previos á apertura da matrícula, xa que o título foi verificado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, o 5 de xuño de 2019, e a data de autorización de implantación da Consellería de educación, Universidade e Formación Profesional é de 14 de agosto de 2019. Por este motivo non se puido facer unha axeitada difusión do título nos meses previos (marzo-xullo de 2021) como sería desexable.

A titulación de procedencia dos estudantes matriculados (Informe 4316983\_I2\_2019-2020) é a que sigue:

#### 12. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC) no **Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos - P4221V01**

Ano Académico	Titulación de procedencia	Núm. de estudantes
2019/2020	Grao en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela	1
	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais pola Universidade de Santiago de Compostela	1
	Grao en Química pola Universidade de Santiago de	1
	Resolución reitoral de equivalencia	2
<b>Total 2019/2020</b>		<b>5</b>

Tres alumnos proveñen doutros títulos da USC: graos en Bioloxía, Química e Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (60% do alumnado total son egresados da USC Ind IN13M), e son orixinarios das provincias de A Coruña e Lugo (Inf 4316983\_INF.16\_2019-2020). Os outros dos estudantes, extranxeiros en ambos casos (o que supón unha taxa de 40% de estudantes extranxeiros sobre matriculados Ind IN08M) , accederon a través de resolucións rectorais de equivalencia de estudos, un deles, de nacionalidade francesa, provinte da Universidade de Touluse con estudos previos de Titulación Universitaria en Tecnoloxía-Enxañaría Biolóxica e Grao Oficial de Desenvolvemento de Empresas Agroalimentarias, e o outro de orixe costarricense, co título de Enxeñaría en Tecnoloxía de Alimentos, da Universidad Técnica Nacional.

A nota de corte media de acceso por preinscripción (Ind IN06M) foi de 6.53, e o 100% do alumnado accedeu con nota maior que 6 (Ind IN07M). Si ben este indicador pode estar infravalorado pola dificultade de trasladar equivalencias de notas obtidas noutros sistemas de avaliación diferentes ao EEES, e que ademais, no caso de referencia, afecta este feito aso 40% dos estudantes.



## INDICADORES

Codigo	Nome	2019-20
IN01M	Prazas ofertadas	25
IN02M	Matrícula	5
IN03M	Matrícula de novo ingreso	5
IN04M	Matrícula de inicio de estudos	5
IN05M	Variación da matrícula de inicio de estudos	-----
IN06M	Nota media de acceso por preinscripción	6,53
IN07M	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	100
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	40
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	0
IN12M	Taxa de ocupación	40
IN13M	Porcentaxe de matriculados que son egresados de la USC	60
IN14C	Núm. de matriculados en máster no centro/Núm. de graduados do centro	20

Ao ser este curso o primeiro de implantación do MEPA, non se fan valoracións comparativas con cursos precedentes.

### ❖ Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias

Á vista dos datos considérase de interese resaltar os seguintes aspectos respecto do perfil de ingreso:

- O 85,71% do alumnado de ingreso ten unha nota media de acceso igual ou superior a 6 no curso obxecto de seguimento.




Figura 1. Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis.

A procedencia xeográfica do alumnado foi moi variada. A porcentaxe de alumnado estranxeiro incrementouse ata o 10% (IN08M). Observase un incremento neste indicador co tempo, amosando o interese internacional do Máster.




Figura 2. Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.

Doutras comunidades tamén incrementouse a porcentaxe progresivamente os últimos anos, chegando a 26,67% no curso 2019-20.




Figura 3. Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados.

Dentro de Galicia, a distribución e dispersa entre as catro provincias. Tendo en conta o total de alumnos do máster entre o primeiro e segundo curso (36) temos esta distribución: A Coruña: 6; Lugo: 3; Ourense: 4; Pontevedra: 2. Datos en 4316196\_INF.16\_2019-2020.

### **Análise do perfil real de egreso**


A análise do perfil real de egreso lévase a cabo a nivel de título e desenvólvese a continuación para cada unha das titulacións do centro.

#### **❖ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**

Para este curso, e debido a situación provocada polo Covid-19, non hai datos dispoñibles de ningún dos aspectos e indicadores correspondentes a este apartado.


### ✦ Grao en Nutrición Humana e Dietética

Os únicos datos oficiais de inserción laboral dispoñibles para o GNHD están referidos á cohorte de alumnos 2013-14, computados para as datas 23/03/2015, 23/03/2016, 23/03/2017 e 23/03/2018 (1, 2, 3 e 4 anos tras o egreso). De acordo co informe remitido pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC (2502222\_EIL-SIIU\_2019-2020.pdf), baseado no documento "Variables e Indicadores de Seguridad Social. Análisis Transversal. SIIU (Ministerio de Educación)", para esta cohorte, a taxa de afiliación á Seguridade Social resultou dun 38,9% no primeiro ano, aumentando ata o 66,7% no segundo e no terceiro ano, e acadando un 83,3% no cuarto ano. A destacar que a meirande parte dos egresados están englobados no grupo de cotización correspondente a estudos universitarios (85,7%, 75,0%, 83,3% e 86,7% para os anos 1º a 4º, respectivamente). A porcentaxe de autónomos foi do 85,7% no primeiro ano, e do 50,0%, 66,7% e 53,3% para os anos 2º, 3º e 4º. Estes datos pódense complementar cos obtidos nas enquisas realizadas polo propio centro (Informe das opinións dos estudantes do Grao en Nutrición Humana e Dietética, 2014/2015, 2015/2016 e 2016/2017, Enquisas egresados propias centro.pdf), que se presentan a continuación:




Se respondiches afirmativamente, a túa experiencia ou labor profesional está ou estivo relacionada coa túa titulación?

	Número	% da titulación	% do centro	Taxa de resposta
SI	10	71,43	54,84	82,35%
NON	4	28,57	45,16	



Independentemente da túa situación laboral, cres que realizar os teus estudos foi ou pode ser de utilidade?

	Número	% da titulación	% do centro	Taxa de resposta
SI	13	76,47	83,33	100,00%
NON	4	23,53	16,67	



### ✦ Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

No curso 2019-20 iniciáronse os estudos do MEPA, que abranguen 90 créditos distribuídos en dous cursos (60+30), polo que a primeira promoción egresará no curso próximo 2020-21. Non habendo por tanto egresados no curso de referencia, non se analiza este apartado no caso do MEPA.

✧ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridades e Tecnoloxías Alimentarias**

No curso 2019-2020, a segunda promoción fixo o terceiro semestre. Esperamos ter datos de inserción laboral para o próximo informe.

**Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior**

Non procede a análise deste apartado debido a que no Plan de melloras do curso anterior non se propuxeron novas accións de mellora relativas a esta directriz.

**Formulación de accións de mellora para o curso 2019-20**

- **AMF2021-7.-** Modificación da memoria do MEPA para incluír o Grao en Nutrición Humana e Dietética, no perfil de acceso ao MEPA. Data prevista de finalización: 31/12/2021.

A información completa das accións de mellora amósase no apartado 3, Plan de Melloras do centro.

### Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
  - Avaliación da aprendizaxe
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.**

#### **Admisión do alumnado. Evolución da matrícula**

Na seguinte táboa sinálase a evolución dos indicadores relacionados coa revisión da oferta académica e de matrícula global no centro nos cinco últimos cursos académicos.

As variacións do indicador IN01C (prazas ofertadas) son debidas a implantación de novos títulos ou a extinción doutros: no curso 2017-18 as prazas ofertadas aumentaron en 25 debido á implantación do MINSTA, no 2018-19, reducíronse en 22 xa que o MPRLLeSM entrou en fase de extinción. No curso actual debido á implantación do MEPA ofertándose 25 novas prazas e por outra banda reduciuse a oferta de novo ingreso do GEPQI en 5 prazas para axustar a oferta á demanda.

En canto a evolución dos indicadores de matrícula (IN02C, IN03C, IN04C e IN05C) cabe destacar o aumento dos parámetros relativos a matrícula global e o descenso daqueles relacionados coa matrícula de novo ingreso. En relación a ésta O indicador IN04C reflicte unha baixada nos dous últimos cursos que creemos que pode ser debida ó mecanismo de chamamento para matrícula do alumnado da lista de agarda, a cal debería ser máis elevada nas titulacións de grao. Por outra banda o descenso dos dous últimos cursos neste indicador tamén pode ser motivada pola extinción do MPRLLeSM e a que non se cubriron tódalas prazas novas ofertadas (MEPA, GEPQI). Relacionado con isto, o indicador IN05C, que amosa as variacións na matrícula de novo ingreso por preinscrición en relación co curso académico anterior, presenta un valor global de 0 para a Facultade no presente curso, amosando un cambio de tendencia respecto aos cursos anteriores.

Non obstante unha análise mais polo miúdo do indicador IN04C, amosada para cada unha das titulacións na páxina seguinte, fainos mostrar un certo grado de satisfacción coas actuacións desenvolvidas pola Facultade nos últimos cursos académicos para tratar de mellorar estes resultados, sobre todo os de matrícula de novo ingreso por preinscrición acadados nas titulacións de grao. No GEPQI mantense unha media de 29,2 alumnos nos últimos 5 anos (33-45-24-24-20) e que aumenta lixeiramente no curso 2020-21 (31) o que representa un valor estable e considerable para unha titulación de enxeñaría nun campus periférico que compite cos campus centrais cun maior número de poboación e diferenciándose cada vez mais na especialización da súa oferta docente. A variación deste indicador no GNHD retoma os valores habituais (57-58-55-50-57). Dende a Comisión de Calidade continuamos crendo que o motivo de que non se cubran tódalas prazas ofertadas (60) e debido ó proceso de xestión das listas de agarda do proceso de matrícula. Polo que respecta as titulacións de máster, o MPRL e SM completou o seu procesos de extinción, e tanto no MINSTA coma no MEPA fanse unhas análises mais en profundidade para levar a cabo propostas de mellora no seguinte curso 2020-21.

Código	Descrición	Curso (2015-16)	Curso (2016-17)	Curso (2017-18)	Curso (2018-19)	Curso (2019-20)
IN01C	Prazas ofertadas	132	132	157	135	155
IN02C	Matrícula	352	359	377	390	362
IN03C	Matrícula de acceso	115	119	122	93	92
IN04C	Matrícula de novo ingreso por preinscrición	109	117	119	92	92
IN05C	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	6,86	7,34	-14,53	-22,69	0
IN06C	Nota media de acceso por preinscrición	7,66	7,88	8,09	8,5	8,50
IN07C	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	93,46	86,84	92,66	96,34	9,98
IN08C	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,85	0,28	1,33	2,05	2,76
IN09C	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	9,38	11,70	10,62	12,05	13,54
IN10C	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	45,45	52,73	42,73	40,91	44,76
IN12C	Taxa de ocupación	82,58	88,64	75,8	68,15	64,56
IN14C	Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro	0,90	0,76	1,23	1,05	0,64

Cabe destacar tamén que a nota media de acceso por preinscrición mantense estable en tódalas titulacións impartidas (GEPQI: de 7,19-7,16-7,39-8,31-7,35; GNHD: 8,20-8,76-9,29-9,23-9,23; MINSTA: 6,92-6,72-6,78 e MEPA 6,53). Do mesmo xeito tamén se aprecia un aumento progresivo na porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados debido ó aumento neste período do número de convenios de intercambio internacionais e a información sobre mobilidade na Facultade. Por outra banda cabe destacar o aumento progresivo da porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados, fundamentalmente debido aos mestrados.

O resto dos indicadores da táboa 1 amosan un mantemento dos valores dos indicadores IN110C e IN12C. O último indicador (IN14C) diminuíu moito este curso como consecuencia da extinción do MPRL e SM e a baixa matrícula no MEPA.


Como xa foi indicado na directriz 2, un dos problemas aos que se enfrenta o GEPQI é a baixa matrícula de inicio de estudos, razón pola cal se ten elaborado un Plan de Viabilidade conxunto no que se incluía a oferta dun dobre grao cunha das titulacións da Escola Politécnica Superior. Este Plan de Viabilidade, inicialmente aprobado pola SXU, foi posteriormente truncado pola propia SXU e finalmente abandonado trala presentación pública, o 30 de outubro de 2017, da *Mellora do mapa de titulacións do SUG para o período 2017-2021, por parte do conselleiro de Cultura, Educación e*

Ordenación Universitaria e os reitores das 3 universidades do SUG. Debido a isto e relacionado co proceso PC-01 de captación de estudantes (Manual de Procesos de Centro), nos últimos anos, decidiuse implementar unha acción de mellora para a promoción das titulacións e captación de alumnos de ensinanza secundaria. Esta actividade formulouse inicialmente nos informes de seguimento dos graos, como acción de mellora para ser levada a cabo en cada curso académico. Non obstante, a partir do curso 2015-16, a Comisión de Calidade tomou a decisión de asumila como acción de mellora propia do centro e nos cursos posteriores traduciuse no desenvolvemento dun Plan de Captación, despois de analizar os resultados da evolución do número de estudantes de novo ingreso en cada titulación.

## Evolución do número de estudantes de novo ingreso en cada titulación

### ✧ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

Tal e como indican os datos reflectidos na seguinte figura, a partir do curso 2017-2018 truncouse a evolución ascendente mantida nos tres anos anteriores, tanto no número de estudantes que inician estudos como no total de estudantes novos, cun descenso progresivo ata o curso obxecto deste informe no que se acada o valor mínimo.




Evolución do número de estudantes que acceden ó título.

Non obstante, os datos provisionais de matrícula do curso 2020-2021 revelan un novo ascenso, de xeito tal que si se teñen en conta ós estudantes do grao aberto 5USC Enxeñarías matriculados en materias do GEPQI, o número de estudantes novos alcanza o valor medio dos cinco anos anteriores.

Aínda que se descoñecen as causas dos continuos cambios de tendencia, tanto a Comisión do Título como a Comisión de Calidade do centro consideran que a continua publicación nos xornais de novas sobre prazas vacantes, plans de viabilidade, etc., inflúen negativamente na imaxe do título, ó que non é allea a situación dos estudos de enxeñaría de xeito xeral en España e de forma particular no Campus de Lugo.

Indicar tamén que a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia respecto ó total de matriculados é do 4,5% e a porcentaxe de estudantes estranxeiros, non procedentes de programas de intercambio, que están a facer o título e do 0,9%.

Por último, os datos da CIUG parecen indicar que o interese polo título é cada vez maior, xa que o número de solicitudes por cada praza ofertada na cota xeral aumenta, tal e como se ve na figura seguinte.



Relación entre o nº de solicitudes e o nº de prazas da cota xeral.

Non obstante, é significativo que nos derradeiros tres anos o número de solicitudes aumentase e simultaneamente o número de estudantes de nova matrícula descendera, e neste senso hai datos moi significativos: no curso 2019-2020, o 95% dos estudantes que foron admitidos no título se matriculou nel, pero solo foron admitidos o 30% dos solicitantes; ademais, de todos os estudantes que solicitaron este título en primeira opción, finalmente soamente se matriculou o 79%.

A Comisión do Título está a estudar estes datos polo miúdo, pero a impresión é que se “están a perder” estudantes interesados no título por causas alleas ó mesmo.

#### ✧ Grao en Nutrición Humana e Dietética



No GNHD ofértanse 60 prazas de nova matrícula desde o curso 2012-13 (40 nos cursos 2010-11 e 2011-12) a taxa taxa de ocupación é moi elevada desde a implantación do GNHD, manténdose en valores por encima do 90% practicamente desde o inicio da oferta do GNHD. Seguindo esta tendencia, no curso 2019-20 a taxa de ocupación foi do 95%, un valor lixeiramente superior á media dos 5 cursos anteriores (93%). En consecuencia, o número total de estudantes matriculados no GNHD está no momento actual estabilizado en torno aos 200 (215 no curso 2019-20).

Este dato é moi significativo cando se compara co contexto do Sistema Universitario Español, no que o número total de estudantes matriculados en grao (ou 1º e 2º ciclo) experimentou un descenso dun 10% entre o curso 2010-11 e o 2018-19 (*Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2019-20, MU*). Esta alta demanda, por outra banda, é característica dos estudos da rama de Ciencias da Saúde, os únicos nos que a evolución de estudantes matriculados mostra unha taxa de variación claramente positiva, duplicándose tamén (+106,5%), segundo datos do MU, entre os cursos 2008-09 e 2018-19, incluso nun contexto de profunda crise demográfica e económica.

Esta elevada demanda vese reflectida nos datos de preinscripción de novo ingreso con máis de 7 solicitudes por cada praza dispoñible (461 fronte a 60), o que implica que o GNHD, a pesar da súa curta historia, está cubrindo con éxito a demanda social de novas titulacións na área de Ciencias da Saúde complementarias á oferta tradicional na nosa Comunidade.

Se se analiza a evolución da porcentaxe de alumnos que elixen o GNHD como primeira ou segunda opción, podemos comprobar que a cifra mantense bastante estable, cunha media para os cursos 2014-15 a 2018-19 do 75,2%. Esta porcentaxe de alumnos, probablemente máis "vocacionais", tenderían a permanecer no grao, mentres que o resto serían alumnos en principio con baixa motivación e que probablemente cambien de titulación ou abandonen os estudos tras finalizar o primeiro ano. Para o curso 2019-20, a porcentaxe de alumnos con preferencia  $\geq 2$  é a máis alta de toda a serie histórica (81,3%), e a súa nota de acceso (9,25) é a segunda máis elevada, o que permite aventurar que probablemente se trate dunha cohorte con elevada motivación.





#### ❖ Máster Universitarios en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

Ao ser o curso 2019-20 o primeiro curso no que se imparte o MEPA, non procede facer análise da evolución do número de estudantes de novo ingreso con respecto a cursos anteriores.

En calquera caso, compre facer unha reflexión derivada do proceso de matrícula no máster, no que se ten detectado un interese por parte de egresados do grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD) por poder acceder ao MEPA. Dado que o título en cuestión de GNHD non figura entre os que dan acceso ao MEPA, levarase a cabo unha reflexión na Comisión académica do MEPA acerca da pertinencia, ou non, de solicitar unha modificación do MEPA ante a ACSUG co fin de incluír entre as titulacións de acceso o GNHD. Os motivos que poderían aconsellar esta toma de decisión son os seguintes:


1.- O deseño académico da oferta da Facultade de Ciencias en canto a graos e máster pode resumirse na figura adxunta:



O MINSTA permite o acceso aos egresados do GNHD e de GEPQI, entre outros, mentras que o MEPA, non permite a admisión de egresados de NHyD, si ben, atendendo ao perfil de egreso destes alumnos, non existen razóns académicas que o impidan. Polo tanto propónse a modificación antes indicada co fin de facilitar o acceso aos dous máster do centro aos egresados de ámbos títulos de grao.

2.- Tense detectado unha clara demanda potencial por parte de alumnado do GNHD para poder cursar o MEPA como máster de especialización relacionado cos seus estudos. De feito nos dous cursos desde que se iniciou a andaina do MEPA, en todos os procesos de matrícula, ata perto de unha decena de alumnos egresados do GNHD manifestaron a súa intención de matricularse nestes estudos de máster se fose posible.

3.- Se considera asemade que o alumnado egresado do GNHD ten unha axeitada formación científica que permite su incorporación aos estudos do MEPA sen ningún tipo de problemática, do mesmo xeito que outros titulados como por exemplo graduados en Bioloxía, Química, Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos, etc. Por elo, consonte a valoración que se faga por parte da Comisión Académica do MEPA deste plantexamento, solicitarase (ou non) unha modificación no vindeiro curso para permitir aos alumnos dos dous graos do centro, GNHD e GEPQI, o acceso ao MEPA. De xeito que as pasarelas de acceso de grao a máster nos títulos do centro quedarían como se reflicte na figura seguinte:



### ✧ Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridades e Tecnoloxías Alimentarias

No curso 2019-20, a oferta total de prazas fixouse en 25 e matriculáronse de novo ingreso un total de 10 estudantes. A titulación de procedencia e moi variada dentro do campo das Ciencias Experimentais que dan acceso o mesmo tal como se amosa na seguinte tabla.

#### 12. Número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia (USC) no Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias - P1221V01

Ano Académico	Titulación de procedencia	Núm. de estudantes
2019/2020	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos pola Universidade de León	1
	Grao en Innovación de Procesos y Productos Alimentarios pola Universidade Pública de Navarra	2
	Grao en Nutrición Humana e Dietética pola Universidade de	1
	Grao en Química pola Universidade da Coruña	1
	Grao en Veterinaria pola Universidade de Santiago de	1
	Estudios Realizados no Estranxeiro	3
	Licenciado en Farmacia	1
<b>Total 2019/2020</b>		<b>10</b>

Por orixe xeográfica, os alumnos matriculados teñen procedencia moi variada. O alumnado procedente doutras CC.AA. foi do 26,67% recibindo estudantes de Asturias, Andalucía, Castela e León, Madrid e Navarra. De fóra do EEES, recibimos estudantes de Arxentina, Perú, Uruguai e Ecuador.

A porcentaxe de matriculados que son titulados da USC foi do 56,67% (IN13M)., mostrando unha gran captación de estudantes doutras universidades. En conxunto, o 100% dos estudantes ingresaron cunha cualificación superior a 6,78.

Os indicadores relacionados con este criterio achéganse a continuación.

Indicador	Descrición	2017-18	2018-19	2019-20
IN01M	Prazas ofertadas	25	25	25
IN02M	Matrícula	19	36	30
IN04M	Matrícula de novo ingreso	19	18	10
IN05M	Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición	--	-5,26	-44,44
IN06M	Nota media de acceso por preinscrición	6,92	6,72	6,78
IN07M	% estudantes que acceden con nota $\geq 6$	93,75	100	85,71
IN08M	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (%)	5,26	8,33	10
IN09M	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (%)	10,53	16,67	26,67

IN12M	Taxa de ocupación (%)	76,00	72,00	40,00
IN13M	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (%)	52,63	58,63	56,67

Os indicadores mostran un descenso importante na matrícula neste curso. Faremos un seguimento desde aspecto para avaliar se debese a cuestión conxunturais o interna da titulación. Os datos provisionais do curso 2020-21 indican unha recuperación da matrícula.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados (IN08M) e de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados incrementáronse neste curso e no anterior, amosando o interese no mesmo por estudantes de fora de Galicia.

### Plan de captación de estudantes.

O Plan de Captación de Estudantes ten como obxectivo a captación de alumnado mediante unha campaña de promoción e divulgación dos graos e mestrados que se imparten na Facultade de Ciencias acordes co perfil definido e a oferta de prazas de cada titulación. Este plan de captación foi implantado no curso 2017-18 e incluído como o proceso PC-01, *Análise do perfil de ingreso e captación*, do manual de procesos do centro.

Este plan é un documento flexible que permite recoller todas as accións levadas a cabo durante cada curso académico para potenciar a matrícula de ingreso nas titulacións do centro. Os resultados do Plan de Captación e as súas actividades analízanse e reformúlanse para cada curso académico. A acción AMF1920-5 estaba dirixida a intensificar as medidas desenvolvidas no Plan de Captación do centro. O seu obxectivo é aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan.

De maneira resumida, as actividades desenvolvidas, que se recollen de xeito máis detallado no informe do [Plan de captación 2019-20](#), foron:

#### **Graos:**

- ✧ Xornadas “Ciencia para novos investigadores” con 11 centros de ensinanza secundaria participantes (354 alumnos). Todos os centros mostraron un alto grao de satisfacción e confirmaron o seu interese en manter a experiencia nos vindeiros cursos académicos (informe do Plan de Captación do centro 2019-2020). Debido á imposibilidade de dispoñer de espazos e persoal para ampliar a nosa oferta nesas datas, entre os días 25 e 28 de maio, organizáronse outras catro xornadas nas que se recibiría a visita doutros 4 centros que non fora posible recibir antes. Nesta ocasión esperábase a participación dun total de 135 alumnos, pero debido á pandemia provocada polo SARS-CoV-2 non foi posible realizar esta segunda parte das Xornadas.
- ✧ Dentro das actividades do programa A Ponte, estaban previstas diversas charlas de temas relacionados coa investigación desenvolvida na USC e as distintas disciplinas que se imparten nas súas titulacións de grao. Estas charlas inciden en aplicacións prácticas das titulacións impartidas no Campus de Lugo para orientar a elección dos estudantes sobre os seus estudos nos vindeiros cursos. Algunhas destas charlastiveron que ser canceladas, pero o profesorado da Facultade de Ciencias puido impartir 14 delas en diversos centros das provincias de Lugo, A Coruña, Ourense e Pontevedra.
- ✧ Participación da Facultade en cinco “Xornadas virtuais de Orientación para o Acceso” dentro dos Encontros na Zona USC organizados polo Programa “A Ponte entre o ensino medio e a USC” da Universidade de Santiago de Compostela. Estas xornadas serviron para ofrecer información sobre o proceso de solicitude das titulacións e o acceso á Universidade. Por mor da situación sanitaria e de xeito excepcional, non foi posible participar en ningunha actividade presencial como se viña facendo estes últimos anos. Ante esta situación, a USC levou a cabo a organización dos “Encontros Virtuais” para facer chegar ao potencial alumnado a oferta formativa do

Campus de Lugo. O profesorado da Facultade de Ciencias, promocionaron as tres titulacións de grao do centro: Bioquímica, Enxeñaría dos Procesos Químicos Industriais e Nutrición Humana e Dietética.

- ✧ Dúas conferencias no instituto San Xillao de Lugo durante o mes de decembro de 2019.
- ✧ Participación no programa STEMBACH Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía dos IES Lucus Augusti e Nosa Sra. Dos Ollos Grandes de Lugo na súas edicións 2018-2020 e 2019-21.
- ✧ Campus de Verán XuvenCiencia, organizado polo Grupo de Innovación Docente homónimo. Nesta ocasión, levouse a cabo unha proposta online, Campus XuvenCiencia en Rede, para traballar de xeito colaborativo nos proxectos propostos.

#### **Máster:**

- ✧ Presentación dos títulos de mestrado da Facultade (MEPA e MINSTA) ao potencial alumnado. Durante o primeiro semestre do curso, os coordinadores do títulos presentaron de xeito presencial os estudos de mestrado aos estudantes de último curso das titulacións do centro (GBioq, GEPQI, GNHD) e tamén, os estudantes de outras titulacións do Campus Terra como son el G. Enxeñaría Agrícola e Alimentaria e o G. Enxeñaría Forestal e do Medio Natural.
- ✧ Encontros virtuais de mestrado: debido á pandemia do COVID19 non foi posible participar en ningunha actividade presencial como se viña facendo nestes últimos anos. De xeito que as actividades de promoción consistiron na participación, xunto coas demais titulacións da Facultade, en xornadas virtuais na Zona USC: Encontros virtuais de mestrado organizado pola Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional en xullo de 2020.

Neste curso académico a Comisión de Calidade analizou o [Plan de Captación 2020-21](#) e á vista das actividades realizadas e dos resultados obtidos elaborou as propostas de mellora que se recolleron no Informe 2019-20 e que se pretenden desenvolver no Plan de Captación 2020-21, tal como foi acordado pola Comisión de Calidade na súa reunión do 12 de maio de 2021.

### **Mecanismos de coordinación dos procesos de ensinanza-aprendizaxe**

Como xa foi indicado na directriz 2, durante o curso 2018-19, as comisións de título, supervisadas pola Comisión de Calidade do centro, levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento dos programas formativos. Un dos aspectos máis importantes deste seguimento foi a supervisión dos contidos, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación que figuran nas guías docentes das materias de acordo coas memorias dos títulos. Neste senso, os coordinadores de módulo, curso e título desenvolven un traballo continuo ao longo do curso académico que periodicamente deixan reflectido en forma de informes de coordinación anexos as actas das Comisións de título. Nestes informes reflíctense todos aqueles aspectos que deben ser obxecto de análise por parte da comisión e/ou problemas aos que se lle debe dar unha solución para garantir o normal desenvolvemento do programa formativo.

### **Plan de Acción Titorial**

O Plan de Acción Titorial (titorización, orientación, formación), contempla as actividades que se van a levar a cabo para acoller, orientar e tutelar ao alumnado dende a súa incorporación á Facultade e durante todo o período de estudos coa finalidade de favorecer a aprendizaxe o desenvolvemento do estudante e a orientación ao mercado laboral. Este Plan planifícase e desenvólvese en cada curso académico dende a súa implantación no curso 2017-18 sendo incluído Manual de Procesos de Centro como un proceso da Facultade (PC-03, *Apoio a estudantes*).

Durante o curso académico 2019-20 o [Plan de Acción Titorial](#) desenvólvese de acordo coa seguinte estrutura:

#### ✧ Programa de Alumnos Tutores

O alumnado tutor é un estudante matriculado nunha titulación de grao do Centro, de 2º curso ou seguintes, que orienta e apoia ao novo alumnado que se incorpora ao centro, tratando de favorecer a súa integración.

Nunha 1ª etapa fórmase a este alumnado para que coñeza o funcionamento da USC. Na 2ª etapa estes alumnos dan acollida ao alumnado de 1º curso e colaboran co Programa A Ponte nas visitas aos centros de ensino medio e na recepción de estudantes na USC. Tamén colaboran dando acollida aos estudantes estranxeiros (Erasmus e de intercambio).

#### ✧ Apoio tutorial extraordinario

Actividade que se rexe pola convocatoria feita polo Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica da USC para axudar ós estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades.

#### ✧ Actividades de orientación e formación

Dentro deste epígrafe enmárcanse todas aquelas actividades dirixidas a informar, formar, orientar e favorecer a aprendizaxe do estudantado, dende a súa incorporación na Facultade ata a finalización dos seus estudos e preparación para a futura vida laboral. Debido a isto, moitas desas actividades desenvólvense en colaboración con entidades externas e colexios profesionais.

A Comisión de Calidade, na súa reunión do 12 de maio de 2021, analizou o Plan de Acción Tutorial 2019-20 e á vista das actividades realizadas e dos resultados obtidos elaborou as propostas de mellora que se recolleron no Informe 2019-20 e que se pretenden desenvolver no [Plan de Acción Tutorial 2020-21](#).

### Avaliación da docencia

Polo que respecta á satisfacción do alumnado coa docencia recibida (descartando o MPRLSM por extinción) acada un valor bastante regular e con taxas de participación aceptables nos últimos 5 anos en tódalas titulacións, sendo 4,23 no MINSTA, 3,72 no GEPQI e 3,56 no GNHD.

En canto á satisfacción do profesorado coa docencia impartida presenta valores maiores de 4 en tódalas titulacións e reflíctese unha constancia respecto aos cursos anteriores (GEPQI: 4,03; GNHD:4,16; MEPA:4,29 e MINSTA: 4,36).

Os resultados das análises das enquisas de avaliación da docencia amósanse a continuación para cada unha das titulacións do centro.

### Mobilidade

Tendo en conta os valores da porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados dende o curso 2015-2016 ata o vixente curso académico (5,68-7,80-6,90-5,13-3,04), débese sinalar que o descenso deste valor no 2019-20 foi debido ó regreso dos estudantes desplazados no mes de marzo as súas universidades de orixe debido á COVID19.

Polo mesmo motivo tampouco foi calculado o indicador IN17C, porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados, aínda que éste xa non fora aportado pola USC nos dous últimos cursos.

### Análise das enquisas de avaliación da docencia

#### ✧ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

##### A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

No primeiro semestre, o título pasou de ter en anos anteriores unha taxa de resposta satisfactoria (IN48G) a un valor baixo (16.5%), si ben a participación dos estudantes aumentou no segundo semestre (34,3%).

Motivada polas especiais circunstancias da docencia non presencial, a universidade introduciu un novo modelo de enquisa para coñecer a opinión do alumnado sobre o desenvolvemento das actividades docentes durante o confinamento, de aí que por primeira vez haxa un cuestionario para cada semestre (2502236\_INF.13\_1S\_2019\_2020) (2502236\_INF.13\_2S\_2019\_2020), cuxos resultados se amosan na táboa seguinte.

No primeiro semestre a valoración global dos estudantes foi de 3,84, idéntica ó curso anterior, pero a súa satisfacción baixou ó 3,62 no segundo semestre.

Na enquisa feita polos propios estudantes ata o 8 de abril, case o 91% indicaba que a súa carga de traballo tiñase incrementado durante o confinamento, pero nos resultados da enquisa oficial, feita a finais do período lectivo, a valoración deste ítem foi de 3,74.

Este valor, xunto co 3,94 acadado pola pregunta sobre a resolución de dúbidas empregando medios e canles telemáticas, e o 4,02 acadado polo ítem “os contidos se desenvolveron de acordo o cronograma inicialmente previsto...” reflexan que, tras un considerable esforzo realizado tanto por docentes coma por estudantes, no conxunto do título logrouse manter un nivel docente/discente axeitado.

Informe sobre indicador IN46G	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20/1ºS	19-20/2ºS
Explica la programación de la materia y los criterios de evaluación al comienzo de su actividad docente	4,26	4,00	4,16	4,01	4,13	---
Cumple con el programa y el plan de trabajo previsto	4,10	4,14	4,22	4,12	4,15	---
Se conocen de antemano los criterios de corrección de exámenes y trabajos	---	---	---	3,82	4,03	---
Organiza bien las clases y explica con claridad facilitando la comprensión de la materia	3,58	3,59	3,49	3,70	3,46	3,56
El material de apoyo me resulta útil para la preparación de la materia	3,83	3,73	3,57	3,71	3,51	---
Los recursos didácticos empleados refuerzan la comprensión de la materia	3,75	3,70	3,53	3,71	3,61	3,58
Propone actividades para favorecer mi aprendizaje autónomo	3,77	3,82	3,63	3,64	3,78	---
Los contenidos se desarrollan de acuerdo al cronograma temporal de la materia	---	---	---	4,02	4,10	---
Motiva la participación crítica y activa de los estudiantes	3,73	3,62	3,49	3,71	3,78	3,63
Resuelve las dudas que se le formulan	3,97	3,99	3,95	4,03	4,15	3,94
Tiene una actitud receptiva que facilita la comunicación con los estudiantes	3,83	3,95	3,82	3,97	3,97	---
Consigue hacerme ver la relevancia de la materia y su interés para mi formación	3,67	3,61	3,53	3,69	3,78	---
La ayuda recibida en las tutorías me fué de utilidad	3,67	3,71	3,81	3,85	4,09	---
Mejoró mi nivel de partida en relación a la materia	---	---	---	3,72	3,81	3,33
La asistencia a clase es provechosa para la comprensión de los contenidos	---	---	---	3,67	3,63	---
Globalmente estoy satisfecho con el profesor de la materia	3,73	3,72	3,58	3,79	3,63	3,43
Considero que hay coordinación entre los distintos profesores de la materia	3,60	3,54	3,92	---	---	---
Favorece que desarrolle mi capacidad de transmitir información, ideas, problemas y soluciones	3,60	3,49	3,33	---	---	---
Los contenidos se desarrollaron de acuerdo al cronograma inicialmente previsto	---	---	---	---	---	4,02
Se resueven las dudas que se trasladan	---	---	---	---	---	3,50
Los materiales suministrados sirvieron de ayuda para preparar la materia	---	---	---	---	---	3,48
La carga de trabajo fue adecuada a los contenidos y créditos de la materia	---	---	---	---	---	3,74
La comunicación con el docente fué adecuada	---	---	---	---	---	3,60
<b>Valor medio del título</b>	<b>3,80</b>	<b>3,77</b>	<b>3,71</b>	<b>3,82</b>	<b>3,84</b>	<b>3,62</b>

**B) Satisfacción do profesorado coa docencia impartida:**

A diferenza do caso dos estudantes, non se fixo unha enquisa diferente para o segundo semestre, senón que ó modelo xa existente engadíronse cuestións relativas a situación xerada pola Covid-19 (2502236\_INF.14\_2019\_2020), tal e como se pode ver na táboa seguinte.

Informe sobre indicador IN47G	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20
Los estudiantes participan crítica y activamente en el desarrollo de las clases	3,18	3,07	3,10	3,49	3,61
Conozco el nivel de comprensión de los alumnos	3,98	3,98	4,13	4,00	4,09
Globalmente estoy satisfecho con el trabajo realizado por el alumnado	3,53	3,58	3,40	3,56	3,72
Los estudiantes están satisfechos con mi labor.	---	---	---	3,81	4,00
El material y servicios de apoyo a la docencia existentes en la universidad son adecuados	4,16	4,27	4,25	4,56	4,09
La coordinación entre materias y niveles del título es adecuada	4,02	4,23	4,23	4,34	4,37
Estoy interesado en recibir formación de apoyo para mejorar mi docencia	---	---	---	4,46	4,25
Organizo y estructuro bien mis clases	---	---	---	4,68	4,36
Informo adecuadamente a los alumnos de los criterios de evaluación	---	---	---	4,90	4,66
Soy accesible para los estudiantes en clases y tutorías	---	---	---	4,95	4,55
Mantengo un trato corecto con los estudiantes	---	---	---	4,87	4,57
Estoy satisfecho con la tutorización del TFG	---	---	---	3,79	4,20
En general, estoy satisfecho con mi labor docente	---	---	---	4,44	4,23
El nivel con el que llega el alumno es suficiente para enfrentarse a los contenidos de la materia	2,96	3,00	2,94	---	3,56
Estoy satisfecho con la relación creada con el alumnado en las clases y tutorías	4,04	4,00	3,90	---	---
Los estudiantes muestran una actitud de interés cara a la materia	3,51	3,42	3,25	---	---
La coordinación entre los distintos profesores de la materia fue efectiva	4,66	4,74	4,66	---	---
En el centro cuento con los recursos necesarios para la docencia	4,29	4,24	4,40	---	---
Mantuve una comunicación adecuada con los estudiantes	---	---	---	---	4,52
Estoy satisfecho con las herramientas disponibles para la docencia	---	---	---	---	3,22
Experiencia previa en tecnologías para evaluación en remoto	---	---	---	---	3,70
Satisfacción con la docencia no presencial	---	---	---	---	3,69
Satisfacción con la evaluación no presencial	---	---	---	---	3,34
Interesados en recibir formación para la mejora de la docencia en nuevas tecnologías (%)	81,8	80,0	41,0	---	---
Interesados en recibir formación para la mejora de la docencia en apoyo didáctico y pedagógico (%)	81,8	73,3	38,0	---	---
<b>Valor medio del título</b>	<b>3,80</b>	<b>3,83</b>	<b>3,79</b>	<b>4,30</b>	<b>4,04</b>

Se ben a satisfacción do profesorado mantense en valores elevados para a maioría das cuestións avaliadas, cumpre destacar que as máis baixas valoracións da enquisa aparecen nas preguntas que teñen relación coa impartición da docencia non-presencial, e coa avaliación a distancia. É evidente que cando se produce a crisis COVID-19 no mes de marzo de 2021, unha gran parte do profesorado da USC descoñecía o uso de ferramentas on-line, máis alá do emprego do campus virtual. Este feito obrigou a un rápido aprendizaxe de software de comunicación en remoto (tipo Teams, Zoom, e outros), que mesmo nalgúns casos, fíxose grazas á ensinanza entre pares. Esta formación completouse nos seguintes meses, e sobre todo xeneralizouse o emprego destas ferramentas, non só para o docencia senón para outro tipo de actividades académicas de xestión (reunións de dpto, de comisións, xuntas de facultade, etc...). Por iso, compre indicar que, probablemente, si a enquisa se repetise hoxe, o profesorado mostraría un maior nivel de satisfacción co emprego deste software. Non obstante, a cuestión relativa á avaliación non presencial está aínda por resolver. Non se ten acadado un sistema eficiente, seguro e xusto, para a avaliación e a realización de exames on-line, polo que no futuro haberá que reflexionar mais polo miudo sobre este aspecto.

### C) Satisfacción do profesorado coa titulación

No curso 2019-2020 a USC modificou este informe (2502236\_INF.23\_2019\_2020), que no caso do GEPQI tivo unha taxa de resposta do 40,4%.

## Satisfacción do profesorado coa titulación

Curso académico	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
Pregunta	Media	Media	Media	Media
Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias)	N/A	N/A	N/A	4.32
Valora a atención prestada polo persoal de administración e servizos.	N/A	N/A	N/A	4.26
Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?	N/A	N/A	N/A	3.95
As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?	N/A	N/A	N/A	3.68
O campus virtual facilita a miña labor docente?	N/A	N/A	N/A	4.22
As vías existente para participar na mellora da calidade son axeitadas?	N/A	N/A	N/A	3.68
Os horarios existentes son axeitados?	N/A	N/A	N/A	3.89
A carga de traballo está ben distribuída?	N/A	N/A	N/A	3.68
O calendario de probas de avaliación é razoable?	N/A	N/A	N/A	3.89
As e os docentes estamos coordinados na organización do título?	N/A	N/A	N/A	3.47
A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?	N/A	N/A	N/A	3.83
O alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?	N/A	N/A	N/A	3.63
En xeral, considero que a titulación está ben organizada?	N/A	N/A	N/A	3.74
Valora a calidade docente da túa titulación.	N/A	N/A	N/A	3.89
O alumnado cumpre coa planificación académica sen problemas?	N/A	N/A	N/A	3.37
O alumnado acode con regularidade ás clases?	N/A	N/A	N/A	3.21
O alumnado implicase na titulación?	N/A	N/A	N/A	3.42
O alumnado está satisfeito coa titulación?	N/A	N/A	N/A	3.72
En xeral, sintome satisfeito/a coa titulación.	N/A	N/A	N/A	3.63
Curso académico	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020
Valoración global	N/A	N/A	N/A	3.76
Participación	N/A	N/A	N/A	40.43%

Aínda que a valoración global é boa (3,76) compre destacar a baixa puntuación (inferior a 3,4) acadada en dúas das cuestións directamente relacionadas cos estudantes. Sen dúbida, a percepción dos docentes sobre o cumprimento da planificación académica e a asistencia a clase por parte do alumnado está relacionada, entre outros factores, co feito de que ó 26% dos estudantes do título aínda estaban matriculados polo plan vello, o que implica que as materias que debían cursar, cuns horarios e actividades docentes planificadas para o plan novo, interferíanse.

Chama a atención que no INF.14 os docentes valoren cun 4,37 á *coordinación entre materias e/ou niveis do título* mentres que no INF.23 a *coordinación na organización do título* acade soamente un 3,47, máxime cando ambas enquisas tiveron unha participación superior ó 40%.

Quizás a discrepancia débese o que cada docente entendeu por *organización do título*, porque na mesma enquisa as cuestións relativas ós horarios, calendarios de avaliación, aspectos organizativos, etc., acadan valoracións netamente superiores.




✧ Grao en Nutrición Humana e Dietética

A) Satisfacción do alumnado coa docencia recibida:

De acordo cos indicadores remitidos pola Area de Calidade (IN48G, IN46G), a taxa de resposta a esta enquisa foi de 46,19%, o valor máis elevado de toda a serie histórica, e a valoración global foi de 3,56, na línea dos cursos anteriores e similar á do conxunto dos graos impartidos na USC (3,74% para a media dos cursos 2011-12 a 2014-15, últimos dispoñibles), aínda que a introdución de modificacións menores nalgúns dos ítems da enquisa desde o curso 2018-19 complica en certa medida a comparación.

Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20
Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente.	4,09	3,96	4,14	4,17	4,02
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto.	4,22	4,09	4,19	4,30	4,13
Indica de antemán os criterios de corrección	-	-	-	3,93	3,70
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia.	3,76	3,50	3,70	3,77	3,69
O material de apoio resúltame útil para a preparación da materia.	3,74	3,51	3,70	3,57	3,61
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia.	3,77	3,46	3,67	3,55	3,60
Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma.	3,71	3,55	3,56	3,31	3,35
Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma da materia	-	-	-	4,18	3,94
Motiva a participación crítica e activa dos/as estudantes no desenvolvemento da clase.	3,72	3,36	3,56	3,58	3,59
Resolve as dúbidas que se lle formulan.	4,07	3,83	4,02	4,08	3,99
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes.	3,92	3,70	3,86	3,94	3,79
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación.	3,85	3,62	3,68	3,75	3,48
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade.	3,93	3,65	3,76	3,82	3,66
O docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia	-	-	-	3,64	3,50
O docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa	-	-	-	3,50	3,62
Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións.	3,59	3,32	3,44	-	-
Considero que hai coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia.	3,64	3,51	3,69	-	-
**A) Taxas de Rendemento, Éxito e Avaliación:**

En canto aos valores globais do título, pódese apreciar en primeiro lugar que o valor medio das tres taxas aumentou respecto á serie histórica, tanto no que se refire os valores medios do título coma os datos desagregados, coa única excepción de 4º curso no que as taxas xa tiñan uns valores moi elevados.

Aínda que unha opinión moi estendida é que estes incrementos débense ó sistema de avaliación non presencial empregado en todas as materias do segundo semestre, hai outros factores a ter en conta: o feito de estar confinados e as incertezas sobre o sistema de avaliación final fixo que os estudantes estivesen máis activos en practicamente tódalas materias, o retraso nas datas das avaliacións finais permitiu una maior separación na entrega de traballos, e a ampliación do período de exames das materias do segundo semestre permitiu os estudantes unha mellor preparación dos mesmos.

O que sí parece evidente é que non se deben comparar os resultados deste curso cos de anos anteriores, porque as circunstancias e condicións foron moi distintas. Non obstante, pódese facer unha comparación dos resultados do título

coa media da USC (2502236\_MedUSC\_2019-2020): as taxas de rendemento, éxito e avaliación son inferiores ás medias da universidade, aínda que é ben coñecido que os estudos de enxeñaría teñen taxas de avaliación, éxito e rendemento inferiores os valores medios xerais cando estes teñen en conta todas as ramas de coñecemento.

#### B) Taxa de abandono e taxa de cambio:

A taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) foi do 16,67%, practicamente idéntica o valor medio da universidade, mentres que a taxa de abandono RD 1393 foi sensiblemente máis elevada: 48,00%. Así, mentres a primeira amosa unha tendencia descendente nos derradeiros tres anos, esta última incrementábase dende hai catro anos.

Non obstante, os datos dispoñibles do SIIU (2502236\_INF.SIIU\_2019-2020) indican que o título pode chegar a ter unha porcentaxe acumulada de cambio de estudos nos dous primeiros anos de ata o 21%, o que sen dúbida no é alleo o feito de que haxa estudantes que inician estudos neste título porque a súa nota das probas de acceso á universidade no lle permitiron o acceso ó título desexado.

#### C) Duración media dos estudos:

A Comisión do Título é perfectamente coñecedora de que algúns estudantes que teñen todas as materias superadas, e aos que tan só lles resta para rematar os estudos o Traballo Fin de Grao, retrasan a presentación do mesmo, sen que ata o momento se coñezan todas as causas deste comportamento. Non obstante, considérase que un resultado de 4,5 anos é axeitado para un título da rama de enxeñaría, máxime si se ten en conta que o valor medio deste indicador na USC é 5,06.

#### D) Taxas de Graduación e Idoneidade dos egresados:

As taxas de graduación (32,0%) e idoneidade (28,0%) descenden respecto ó curso anterior mentres que as taxas de eficiencia (ou rendemento) é de éxito dos egresados (90,2% nos dous casos) incrementáronse respecto ó ano anterior.


A Comisión do Título considera que a disparidade destes indicadores ó longo da serie histórica débese a heteroxeneidade das diferentes cohortes de acceso, por exemplo, á porcentaxe de estudantes procedentes de Formación Profesional que cada ano acceden ó título.

#### ✧ **Grao en Nutrición Humana e Dietética**

A evolución dos principais indicadores de satisfacción e rendemento durante os últimos 5 cursos móstrase nas táboas seguintes. Como no apartado anterior, inclúense os indicadores globais para a área de ciencias da saúde, para o total da USC, e para o SUE. En termos xerais, os resultados para o resto dos indicadores de satisfacción e rendemento son semellantes aos do SUE e a os da propia USC. A duración media dos estudos (IN38CG) foi, un ano máis, sensiblemente máis favorable que o valor medio para a USC e para a media da área de ciencias da saúde.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20	Media
IN37CG Taxa de graduación	60,61	71,15	45,28	56,60	48,72	56,47
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE	69,14	71,75	72,95	73,12	72,02	71,80
MEDIA SUE	-	-	-	48,90	48,60	48,75
MEDIA USC	54,99	56,37	57,97	58,23	58,53	57,22
IN38CG Duración media dos estudos	4,17	4,38	4,31	4,68	4,60	4,43
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE	5,15	5,26	5,36	5,41	5,40	5,32
MEDIA SUE	-	-	-	4,80	4,80	4,80
MEDIA USC	4,82	4,97	4,98	5,06	5,06	4,98
IN39CG Eficiencia dos titulados	-	-	-	-	-	-
IN40CG Taxa de abandono durante o 1º curso (Grao)	26,42	16,98	35,90	15,00	20,00	22,86
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE	9,89	10,05	13,50	12,06	15,57	12,80
MEDIA SUE	-	-	-	21,50	21,70	21,60
MEDIA USC	14,98	14,52	16,02	15,88	16,64	15,61
IN41C Taxa de abandono RD1393	24,24	23,08	32,08	24,53	35,90	27,97
MEDIA AREA CIENCIAS DA SAÚDE	12,80	13,73	15,93	14,77	17,31	14,91
MEDIA SUE	-	-	-	-	-	-
MEDIA USC	23,19	22,72	22,70	22,10	23,01	22,74
IN50CG Taxa de éxito dos egresados (%)	94,77	95,73	94,37	85,17	87,53	91,51
IN51CG Taxa de idoneidade na graduación (%)	45,45	48,08	39,62	39,62	35,90	41,73
IN53G-S01-PM-01 Taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) (%)	93,50	94,29	94,37	85,17	87,53	90,97

A evolución da taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40CG) é bastante irregular, con porcentaxes que oscilan entre o 15% (2018-19) e o 35,9% (2017-18). No curso 2019-20 a taxa foi do 20,0%, próxima ao valor medio deste indicador para os cinco últimos cursos (22,8%).



Non é posible poñer estas cifras nun contexto adecuado sen ter en conta que esta taxa de abandono ten dúas compoñentes: alumnos que abandonan definitivamente os estudos, e alumnos que cambian de titulación. A nivel nacional dispoñemos de indicadores para estas dúas variables: a taxa de abandono no primeiro ano, e a taxa de cambio de estudo no primeiro ano. De acordo cos datos publicados polo MU no seu documento *Datos y Cifras del Sistema Universitario Español, curso 2019-2020*, nas titulacións da área de Ciencias da Saúde a taxa de abandono no primeiro ano é dun 17,4% para a cohorte 2015-16 (a última para a que se facilitan datos), que se acompaña dunha taxa de cambio de estudo no primeiro ano do 7,1%. Así, polo menos un 24,5% dos alumnos que en España inician estudos en titulacións da rama de Ciencias da Saúde non continúan ou cambian de titulación. Polo tanto, e a falta dun indicador específico para a USC sobre cambio de estudo no primeiro ano, entendemos que en boa parte a taxa de abandono do GNHD está en consonancia co que ocorre a nivel nacional noutras titulacións da rama de Ciencias da Saúde. Probablemente un dos motivos sexa unha certa utilización por parte dalgúns estudantes do GNHD como “ponte” ou “pasarela” cara a outras titulacións (fisioterapia, medicina) nas que a nota de corte é superior, e ás que non poderían acceder directamente coa súa nota de entrada na universidade. Este uso, lícito por outra banda, ten efectos negativos desde diversos puntos de

vista. En primeiro lugar, a oferta de prazas do grao está limitada a 60; o feito de que en parte se poidan cubrir con estudantes que non teñen máis intención que cursar o primeiro ano e despois abandonalo impide que outros posibles alumnos con auténtica vocación por estes estudos poidan ter a opción de inicialos, especialmente se temos en conta que o numero total de solicitudes (461) foi de novo máis de 7 veces superior ao número de prazas ofertadas. En segundo lugar, inflúe negativamente na valoración do grao e o seu desenvolvemento, dando a impresión de que algo non está funcionando adecuadamente

#### ✧ **Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos**

Os resultados do programa formativo deberán avaliarse totalmente cando a primeira promoción do MEPA remate os seus estudos, no curso 2020-21. Ao non haber egreso no curso de referencia 2019-20, non procede facer unha valoración gloval deste apartado.

#### Taxas de Rendemento, Éxito e Avaliación:

Os resultados da taxas de rendemento, éxito, avaliación e graduación para o curso 2019-20 no MEPA son as que se indican:

	2019-20
IN34M. <b>Taxa de Rendemento (%)</b>	100
IN35M. <b>Taxa de Éxito (%)</b>	100
IN36M. <b>Taxa de Avaliación (%)</b>	100
IN37M. <b>Taxa de Graduación (%)</b>	Non procede (1 ano de implantación do título)

Como pode verse, as taxas de rendemento, éxito e avaliación, corresponden á correcta superación da totalidade do curso 2019-20 por parte dos 5 alumnos matriculados. Non se dispón de taxa de graduación ao ser este o primeiro ano de implantación do MEPA, polo que a primeira promoción rematará no curso 2020-21. Asemade, non se dispón tampouco todavía do indicador IN38M de dureción dos estudos, que se calculará por primeira vez no curso próximo.

A este respecto dos resultados académicos compre sinalar que a modificación do escenario docente, de primeiro a segundo cuatrimestre, coa implantación neste último de docencia on-line, con motivo do confinamento orixinado polo COVID-19, non parece ter alterado significativamente a boa tendencia amosada no primeiro cuatrimestre, e xa comentada con anterioridade.

No que se refire aos resultados desagregados por materia, recollidos no Informe 4316983\_INF.15\_2019-2020, se resumen a continuación consonte a tipoloxía de materia.

#### Materias obrigatorias

Código Plan Estudos Nome	Contido	2019/2020		
P4221V01 - Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos	P4221101 - Estratexia comercial da empresa alimentaria	Notable	5	100,00%
		2019/2020		
	P4221102 - Xestión de procesos na industria alimentaria	Aprobado	1	20,00%
		Notable	4	80,00%
	2019/2020			
	P4221103 - Xestión da calidade alimentaria	Aprobado	1	20,00%
		Notable	3	60,00%
		Sobresaliente	1	20,00%
	2019/2020			
	P4221104 - Procesos e equipos da industria agroalimentaria	Notable	2	40,00%
		Sobresaliente	3	60,00%
	2019/2020			
	P4221105 - Automatización de instalacións eléctricas	Matrícula de Honra	1	20,00%
		Notable	2	40,00%
		Sobresaliente	2	40,00%
	2019/2020			
	P4221201 - Propiedades fisicoquímicas de alimentos	Aprobado	1	25,00%
		Notable	2	50,00%
Sobresaliente		1	25,00%	
2019/2020				
P4221202 - Xestión enerxética dos procesos alimentarios	Notable	1	50,00%	
	Sobresaliente	1	50,00%	

### Materias Optativas

P4221V01 - Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos	P4221203 - Nanotecnoloxía alimentaria	Notable	1	20,00%
		Sobresaliente	4	80,00%
	2019/2020			
	P4221204 - Procesos de deshidratación de alimentos	Notable	1	25,00%
		Sobresaliente	3	75,00%
	2019/2020			
	P4221205 - Vigilancia e control no procesado de alimentos	Notable	3	75,00%
		Sobresaliente	1	25,00%
	2019/2020			
	P4221206 - Caracterización de alimentos	Matrícula de Honra	1	20,00%
		Notable	2	40,00%
		Sobresaliente	2	40,00%
	2019/2020			
	P4221207 - Técnicas avanzadas en análise de alimentos	Notable	2	100,00%
		2019/2020		
	P4221208 - Irradiación con microondas na industria alimentaria	Sobresaliente	4	100,00%
		2019/2020		
	P4221209 - Envases alimentarios	Matrícula de Honra	1	33,33%
Notable		1	33,33%	
Sobresaliente		1	33,33%	
2019/2020				
P4221210 - Tecnoloxías innovadoras no procesado e mellora nutricional dos alimentos	Sobresaliente	3	100,00%	
	2019/2020			
P4221211 - Xestión de proxectos	Notable	1	33,33%	
	Sobresaliente	2	66,67%	
2019/2020				
P4221212 - Aditivos alimentarios e auxiliares de fabricación en industrias alimentarias	Notable	4	80,00%	
	Sobresaliente	1	20,00%	
2019/2020				
P4221213 - Procesos de separación mediante tecnoloxía de membranas	Sobresaliente	1	100,00%	

Os resultados, aínda que satisfactorios en ambos casos, foron mellores nas materias optativas que nas obrigatorias, e os valores máis baixos adoitan presentarse naquelas materias nas que unha formación previa desenvolvida na gran área de coñecemento facilitaría o labor discente. Por exemplo, as cualificacións máis baixas en materias relacionadas coas ensinanza técnica corresponden en xeral a alumnado que proven de graos da área de ciencias experimentais. Pola contra, en materias máis de corte científico, os alumnos de ciencias experimentais teñen mellores cualificacións que aqueles de formación técnica. E dicir, que a formación previa facilita o acadar mellores cualificacións en materias directamente relacionadas coa formación de grao.

✧ **Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridades e Tecnoloxías Alimentarias**

Considerando que é o segundo ano que se imparte este máster no centro, os resultados do título plasmados nos indicadores de rendemento (97,07%), éxito (99,44 %) e avaliación (97,62 %) son moi bos se os comparamos con os previstos na memoria do título, onde estimábase un 90% para estes indicadores. O indicador de Taxa de graduación non existe de momento.

		2017-18	218-2019
<b>T. Rendemento(%)</b>	IN34M	96,29	97,07
<b>T. Éxito(%)</b>	IN35M	100,00	99,44
<b>T. Avaliación(%)</b>	IN36M	96,29	97,62
<b>T. Graduación(%)</b>	IN37M	--	--

**Traballos Fin de Grao/Máster (asignación, supervisión, avaliación)**

No presente curso 2019-20 adaptáronse as normativas de TFG e TFM aos novos procedementos informáticos establecidos pola USC, para que se poda levar a cabo a xestión dos mesmos dende a secretaría virtual por parte do alumnado, titores e membros dos tribunais de avaliación. Esta acción foi recollida no Plan de Melloras do Centro, como acción **AMF1920-2**, na reunión das comisións académicas das titulacións da Facultade do 20/11/2019 aprobáronse as modificacións das normativas do Traballo Fin de Grao (TFG) do GEPQI e GNHD e do Traballo Fin de Máster (TFM) do MINSTA. Tamén foi aprobada a normativa do TFM do novo Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos na reunión da Comisión Académica do MEPA o 20/11/2019. Estes cambios e a nova proposta de normativa foron aprobados na reunión da Xunta de Facultade da Facultade de Ciencias o 26/11/2019.

As comisións de título tamén fixeron unha revisión das rúbricas de avaliación, o que levou á Comisión de Calidade a formular unha revisión das Rúbricas de avaliación de TFG e TFM para tódalas titulacións do centro e concretado na acción de mellora **AMF1920-3**. Unha vez revisadas as rúbricas existentes nas comisións de todas as titulacións da Facultade de Ciencias, modificouse a rúbrica do GEPQI e propúxose unha nova para o MEPA. Nas outras titulacións non se considerou necesario facer cambios nas rúbricas.

**Prácticas Externas. Mobilidade. Indicadores de satisfacción**

Na seguinte táboa sinálase a evolución dos indicadores de satisfacción a nivel de Centro, relacionados cos programas de mobilidade e prácticas externas nos dous últimos cursos académicos.

Con respecto á tendencia dos últimos cursos académicos diminuíu o número de alumnos recibidos no centro (20-28-26-20-10) e mantívose o número de estudantes saíntes (8-4-7-10-9).

Respecto á satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade (IN16C) este ano tampouco foi provisto o seu valor para o curso 2019-2020.

A evolución da porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade (IN17C) foi aumentanto, acadando no curso 2018-19 o valor máis alto dos últimos nove cursos académicos. Este ano o valor deste indicador non foi provisto pola USC. A mobilidade do curso 2019-2020 da Facultade de Ciencias estivo moi mermada



debido á situación orixinada pola COVID-19. Os alumnos entrantes e saíntes tiveron que renunciar as mobilidades. O resultado global foi:

- Entrante, 10 estudantes e 1 profesor: Convenio bilateral: 8, SICUE:1, Erasmus KA107: 1 profesor (Programa IACOBUS).

Do mesmo xeito, e motivado polas mesmas circunstancias da pandemia, o valor da porcentaxe de estudantes recibidos de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18C), diminuíu considerablemente.

- Saínte, 9 estudantes e 1 profesor: SICUE: 6 estudantes, Erasmus+: 3 estudantes.

Dende a Comisión de Calidade formulouse unha acción de mellora para potenciar tanto a información dos programas de mobilidade como o número de convenios con outras universidades (**AMF1819-4**). Asináronse dous novos convenios de intercambio Erasmus Budapest Univesrity of Tecnology and Economics, Hungría para o GEPQI (13/12/2019) e Università degli Studi di Palermo, Italia para GNHD (02/11/2020).

Código	Descrición	Curso (2015-2016)	Curso (2016-2017)	Curso (2017-2018)	Curso (2018-2019)	Curso (2019-2020)
IN16C	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	5,00	3,33	4,5	-	-
IN17C	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	2,27	1,11	1,86	2,56	-
IN18C	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	5,68	7,80	6,9	5,13	3,04
IN22C	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	88,73	91,55	89,09	97,75	93,51

Polo que respecta a porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións (IN22C), o valor mantense en torno a un 92% nos últimos cinco cursos académicos. Valor moi aceptable tendo en conta que no Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais as prácticas externas non son obrigatorias.

Os resultados dos indicadores de satisfacción relativos á mobilidade e prácticas externas recóllense a nivel de título e preséntanse a continuación para cada unha das titulacións que se imparten no centro.

### **Análise das enquisas de satisfacción. Prácticas Externas. Mobilidade.**

#### **❖ Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais**

Debido a pandemia, case non hai indicadores dispoñibles para os aspectos valorados neste apartado.

Dicir soamente que o 63,6% dos egresados realizou ó longo dos seus estudos Prácticas en Empresas, o que sigue a ser unha porcentaxe moi elevada tendo en conta que o confinamento truncou ás expectativas dalgúns estudantes neste senso.

### ✧ Grao en Nutrición Humana e Dietética

No relativo ao desenvolvemento do programa de prácticas externas, as restricións á mobilidade tiveron un impacto probablemente moi significativo xa que dificilmente se podían impartir por vía telemática, o que obrigou en moitos casos a truncar o programa formativo por imposibilidade legal e material para levalo a cabo tal e como estaba programado. Os programas de mobilidade víronse tamén profundamente afectados no segundo semestre. No momento de redactar este informe non están aínda dispoñibles os indicadores relativos ás prácticas externas e á mobilidade saínte, polo que non é posible cuantificar, polo momento, en qué grao esta situación de excepcionalidade impactou sobre a calidade das mesmas. Nos datos que constan na Facultade houbo 6 alumnos saíntes e un entrante dentro do programa Sicue e 4 saíntes no programa Erasmus+.

	2015/16	2016/17	2017-18	2018-19	2019-20
IN19G Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	3,66	4,35	4,02	4,06	-
IN20G Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	4,51	4,18	4,45	4,08	-
IN21G Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	4,29	4,72	4,38	4,13	-
IN15G Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	-	-	-	3,40	-

### ✧ Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos

No que se refire ao MEPA, as prácticas externas, consonte ao plano de estudos aprobado, están programadas para o segundo curso da titulación, polo que neste primeiro curso non se desenvolveron prácticas en empresa, e polo tanto non procede realizar unha análise dos resultados de satisfacción dos grupos implicados, alumnos, titores académicos e titores de empresa. Porén, si compre sinalar que no curso 2019-20 establecéronse os convenios apropiados con empresas para desenvolver estas no curso seguinte, e asemade establecéronse todos os procedementos normativos de xestión das prácticas en empresa: convocatoria, asignación de prazas, procedemento de titoría, presentación do informe do alumno, sistema de cualificación, etc. Todo elo atópase a disposición do alumnado na páxina web do máster: [https://www.usc.es/gl/centros/ciencias/MEPA\\_Practicas](https://www.usc.es/gl/centros/ciencias/MEPA_Practicas).

### ✧ Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridades e Tecnoloxías Alimentarias

Os titores profesionais amosan unha satisfacción alta (4,5) no curso 18-19 que está en liña cos valores medios da Universidade para todos os aspectos avaliados. Dado que esta enquisa constitúe en certa medida unha avaliación externa do grao de preparación dos estudantes de máster. Neste curso non se puideron realizar as enquisas debido a situación sanitaria derivada do Covid.

#### Satisfacción dos Titores Académicos cos programas de prácticas externas

Neste máster existe un único titor académico para tódolos estudantes, amosando unha satisfacción total no curso 2018-2019. Neste curso non se podeiro realizar as enquisas debido a situación sanitaria derivada do Covid.

#### Satisfacción dos Estudantes cos programas de prácticas externas

No curso 2018-19 os datos recollidos reflicten un grao de satisfacción medio de 3,75. Neste curso non se podeiro realizar as enquisas debido a situación sanitaria derivada do Covid.

#### Satisfacción dos egresados

Comenzamos a ter datos de egresados desde este curso (4316196\_INF.09\_2019-2020). Desafortunadamente so ha respondido 1 egresado, polo tanto os resultados da enquisa non son estadisticamente confiables.

## Suxestións e reclamacións

De seguido indicamos un resumo das suxestións e/ou reclamacións relacionadas coa Facultade de Ciencias que constan na memoria anual elaborada pola Oficina de Análise de Reclamacións (2019-20) así como as recibidas na propia Facultade, indicando a súa tipoloxía e o seu resultado.

### Memoria da Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) 19-20

Os recursos que se reflicten neste apartado figuran na memoria da Oficina de Recursos e Reclamacións da USC. Trátase de recursos relacionados cos procesos de Xestión Académica, certificados, etc., que son os que serven de base á medición dos indicadores de calidade, e que resultan necesarios para o seguimento e renovación do sistema de Xestión de Calidade do que dispón a área académica da USC.

O número de reclamacións, recursos, queixas e suxestións presentados adoita ser pequeno. No curso 2019-20 foi de 1 recurso resolto de 1 recursos presentado, e 3 reclamacións que se resumen a continuación:

- 1 recurso resolto que foi desestimado:
  - 1 relacionado coa anulación de matrícula.
- 3 reclamacións (queixas o suxestións) nos procesos de xestión académica:
  - 2 no GEPQI, un archivado e o outra estimada, relacionada con devolución de prezos/exames
  - 1 no Grao en Nutrición Humana e Dietética, estimada, relacionada con Prácticas/Estadías de Plano de Estudos.

Ademais das que figuran no Informe da Oficina de Análise e Reclamacións da USC que se acaban de sinalar, no curso 2019-20 se recibiron outras reclamacións.

### Outras reclamacións recibidas

Ademais das que figuran no Informe da Oficina de Análise e Reclamacións da USC que se acaban de sinalar, no curso 2019-20 recibíronse as seguintes queixas e reclamacións:

- 2 queixas na Facultade relacionadas co GEPQI:
  - 1 relativa a horarios, resolta
  - 1 relativa a cualificacións, inadmitida
- Queixa ó Valedor da Comunidade Universitaria relativa á modificación de horarios no GNHD debido á situación creada polo COVID-19, resolta

### Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

Na memoria de calidade correspondente ao curso 2018-19 presentáronse catro accións de mellora novas relacionadas cos traballos fin de grao máster, coa mobilidade a nivel de estudantado e profesorado, e co Plan de Captación do centro:

- **AMF1920-2.-** Modificación das normativas do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro. Data prevista de finalización 31/07/2020. Executada con eficacia: 26/11/2019.
- **AMF1920-3.-** Revisión das rúbricas de avaliación do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro. Data prevista de finalización 31/07/2020. Executada con eficacia: 22/11/2019.
- **AMF1920-4.-** Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras e nacionais para todas as titulacións do centro. Charlas informativas ó estudantado da Facultade sobre mobilidade nacional e internacional. Data prevista de remate: 30/12/2020. Executada con eficacia: 16/12/2020.
- **AMF1920-5.-** Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do centro para aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan. Data prevista de remate: 31/07/2020. Executada con eficacia: 12/05/2021.

### Formulación de accións de mellora para o curso 2019-20

Derivado das análises DAFO e CAME para o Plan Estratégico Ponte e respecto aos aspectos recollidos na Directriz 3, Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, a Comisión de Calidade acordou, na súa reunión do 06/11/2019, propoñer no Plan de melloras do centro varias accións relacionadas co TFG/TFM, co aumento dos convenios de intercambio e coas accións desenvolvidas no Plan de Captación da Facultade:

- **AMF2021-1.** Potenciar o plan de acción tutorial. Data prevista de finalización 31/07/2020.
- **AMF2021-5.** Potenciar o plan de captación do alumnado. Data prevista de finalización 31/07/2020.
- **AMF2021-6.** Incrementar o número de convenios de mobilidade nacionais e internacionais. Data prevista de finalización 31/07/2020.

A información completa das accións de mellora amósase no apartado 3, Plan de Melloras do centro.

**Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos**

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
  
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.**

Durante o curso 2019-20, de acordo coas normativas e procedementos da USC, mantívose a adecuación das plantillas de PDI responsable de impartir as materias en cada unha das titulacións do centro, segundo foi indicado nas memorias de verificación dos títulos.

Na táboa seguinte sinálase a evolución dos indicadores relacionados con esta directriz Fides-Audit correspondentes ao curso 2019-20 e a súa evolución respecto dos catro cursos académicos anteriores.

Código	Descrición	Curso (2015-2016)	Curso (2016-2017)	Curso (2017-2018)	Curso (2018-2019)	Curso (2019-2020)
IN24C	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total	83,70	80,90	90,45	92,11	92,65
IN25C	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	93,40	92,86	90,51	90,98	91,14
IN26C	Porcentaxe de PDI	69,81	72,45	71,59	65,56	66,24

	funcionario sobre o PDI total					
IN30C	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	3,49	--	--	-	-
IN31C	Media de alumnos por grupo de teoría	31,70	32,87	29,69	-	-
IN32C	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	21,02	21,38	20,34	20,03	18,68
IN49C	Satisfacción do PAS co traballo desenvolvido	4,67	4,29	4,33	4,12	5,0

No curso 2019-2020, de maneira xeral obsérvase que os valores dos indicadores relativos ao PDI (IN24C, IN25C e IN26C) mantéñense con lixeiras variacións á alza. Non obstante, estes valores non teñen en conta as diferenzas de capacidade docente das áreas: mentres unhas son excedentarias outras teñen os recursos xustos para desenvolver o seu traballo. Situación que pode complicarse no momento en que se produce unha baixa por enfermidade.

A media de alumnos por grupo de docencia interactiva sufriu moi leves variación nos cinco últimos cursos académicos resultando unha media de 20,29 alumnos por grupo para a docencia interactiva. Estes valores resultan pouco menos que excelentes para grupos de traballo dende un punto de vista docente.

Con respecto ao persoal de apoio á docencia (Informe E-16), no curso 2019-20 dispoñemos dunha plantilla de 9 membros co apoio dun técnico informático adscrito á área ATIC da USC organizados para a realización de tódalas tarefas de administración, servizos, e apoio á docencia e á investigación. A pesares de que a plantilla é suficiente para desenvolver con eficacia todo o traballo, algúns postos son demasiado específicos en canto as súas funcións polo que en caso de baixas prolongadas o persoal substituto debe pasar por un período de adaptación ao posto o que pode afectar ao rendemento do mesmo.

En canto a satisfacción do persoal de administración e servizos co traballo desenvolvido (IN49C), cabe sinalar que a participación nas enquisas continúa a oscilar en torno a un valor de 44% cun resultado de 5,00 sobre un máximo de 5.

### Actividade investigadora.

No curso 2019-2020, a porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título (IN24C) foi dun 92,65 %, observándose unha subida constante dende o curso académico 2015-16 (83,33%). Este indicador calcúlase cos datos de profesorado da USC que imparte docencia nas tres titulacións do Centro sen ter en conta o profesorado de áreas externas nin o profesorado que unicamente dirixe traballos académicos.

### Mobilidade PDI

A porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título tivo un valor de 4,17 o último curso e non foi provisto pola USC este curso debido á COVID19.

### Formación de PDI e de PAS. Indicadores de satisfacción

Polo que respecta a satisfacción do PDI e do PAS coas actividades formativas desenvolvidas, os resultados tamén foron satisfactorios (4,46 para o profesorado e 3,72 no caso do PAS). A participación do profesorado nos plans de formación no centro diminúe a porcentaxe sobre o ano anterior sendo a media de participación do profesorado de un 49,78% durante os últimos anos. Por outra banda, a porcentaxe de participación do PAS tamén diminúe moito fronte ao curso anterior (51%).

### **Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior**

No curso 2017-2018 non foron propostas accións de mellora relacionadas con esta directriz.

### **Formulación de accións de mellora para o curso 2019-20**

Derivado das análises DAFO e CAME para o Plan Estratégico Ponte e respecto aos aspectos recollidos na Directriz 4, a Comisión de Calidade acordou, na súa reunión do 06/11/2019, propoñer no Plan de melloras do centro a seguinte acción de mellora:

- **AMF2021-2.**–Solicitar a ampliación da oferta de cursos do PFID en Lugo para mellorar a docencia en liña. Data prevista de finalización 31/07/2020.

A información completa das accións de mellora amósase no apartado 3, Plan de Melloras do centro.

### Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalación onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.**

#### Recursos materiais

Durante os últimos anos o Centro solicitou axudas que permitiron mellorar algúns dos recursos e servizos necesarios para o desenvolvemento axeitado dos programas formativos. Debido a isto e tendo en conta os orzamentos do Centro e nos financiamentos externos que se poidan conseguir, a Comisión de Calidade do Centro formula anualmente unha serie de propostas que permitan acadar unha mellora na calidade dos recursos materiais e servizos ofrecidos pola Facultade co fin de continuar desenvolvemento unha labor docente axeitada en tódalas titulacións.

No curso 2019-20, a Comisión de Calidade formulou a acción de mellora **AMF1920-6**, que xa foi executada e está relacionada coa renovación do equipamento mais obsoleto e coa ampliación de infraestruturas para docencia. Neste senso, leváronse a cabo as seguintes tarefas: a) Instalación de equipamento para a mellora de aulas e espazos de docencia: 2 sistemas de videoconferencias b) Equipamento docente para aulas de informática. c) equipamento de laboratorio, así como moito material de vidro para poder facer as practicas de forma individualizada, de acordo coas normas e protocolos establecidos na USC



debido á COVID19.

Unha vez rematada, a Comisión de Calidade considera necesario continuar con este tipo de accións polo que, para o curso académico 2020-21 a Comisión de Calidade propuxo as accións de mellora **AMF20-21-3**, **AMF20-21-4** e **AMF20-21-8** relacionadas con esta directriz e que se detallan no apartado 3 desta memoria.

Derivado das análises DAFO e CAME realizadas para a elaboración do Plan estratéxico Ponte e Plan de Mellora anual da Facultade, a Comisión de calidade tamén considerou necesario fortalecer a xestión centralizada dos recursos. Dado que, debido a implantación de novas titulacións, faise necesario a adquisición de novos materiais e infraestruturas, e tendo en conta a cantidade de crédito ordinario dispoñible, débese continuar levando a cabo unha xestión centralizada dos recursos, fundamentalmente no que respecta ao funcionamento dos laboratorios e das aulas de informática. Por iso na programación do Plan de Mellora Anual 20-22 foi incorporada unha acción de mellora que tivera en conta estes aspectos, e que se incorpora nesta memoria de calidade como **AMF2021-3**.

### Servizos de acollida, apoio e orientación académica e profesional

- Xornada de Benvida. Campus Terra. Facultade de Ciencias

A Universidade realiza tódolos anos, no comezo de cada curso académico, unha Xornada de Benvida que se desenvolve a nivel de Campus e a nivel de centro e que ten por obxecto presentar aos novos estudantes posibilidades, recursos e servizos que ofrece a tanto a Universidade como a Facultade.

Ademais, na xornada celebrada no centro, na que participan tanto o equipo decanal, xestora de centro, coordinadores e responsable de calidade, infórmase e orientase ao alumnado de cada titulación sobre o funcionamento do mesmo (aulas de informática, campus virtual, salas de estudio, servizos administrativos, páxina Web), sobre o plan de estudos e sobre os diferentes trámites administrativos e servizos que poden empregar ao longo da súa vida universitaria.

- Plan de Acción Titorial

Conscientes de que o novo estudante ten dificultades para asimilar e moverse no complexo entramado universitario dende a Facultade de Ciencias prográmanse anualmente unha serie de actividades que se van a levar a cabo para acoller, orientar e tutelar ao alumnado durante todo a súa estancia no centro. Este conxunto de actividades recóllese no Plan de Acción Titorial da Facultade sinalados con mais detalle no apartado 2.3.1 desta memoria e poden consultarse no enlace correspondente a este Plan na web da Facultade.

[https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/MH38RNHESIo02ky9fqXhMt\\_sjH7wUEe7xeUgiN4u4Ac/1621857913/public/documents/2021-05/PLAN%20de%20Acci%C3%B3n%20Titorial%20Facultade%20de%20Ciencias-2019-2020-DEF.pdf](https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/MH38RNHESIo02ky9fqXhMt_sjH7wUEe7xeUgiN4u4Ac/1621857913/public/documents/2021-05/PLAN%20de%20Acci%C3%B3n%20Titorial%20Facultade%20de%20Ciencias-2019-2020-DEF.pdf)

### Entidades e empresas para a realización de prácticas externas

Nos enlaces que se amosan a continuación preséntanse, para cada unha das titulacións do centro, as convocatorias de prácticas externas que se desenvolven en cada curso académico coa distribución do alumnado entre as diferentes entidades/empresas nas que os estudantes realizan as prácticas:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/practicas>

Tal e como pode observarse, todas elas están directamente relacionadas coas competencias profesionais que estudante debe adquirir na súa formación. Os resultados de satisfacción coas prácticas externas xa foron analizados na directriz 3 desta memoria.

### Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

A continuación faise un resumo das accións relacionadas con esta directriz e do seu estado de execución:

- **AMF1920-6.-** Instalación de novas infraestruturas e adquisición de material e equipamento docente. Executada o 10/12/2020.

### Formulación de accións de mellora para o curso 2020-21

Derivadas das análisis DAFO e CAME para o Plan Estratégico do centro propuxéronse as seguintes as novas accións de mellora para o curso 2019-2020.

- **AMF2021-3.-** Xestión centralizada dos recursos empregados na docencia. Data prevista de finalización 31/07/2021.
- **AMF2021-4.-** Solicitar recursos para a mellora das instalacións da Facultade na docencia en liña. Data prevista de finalización: 31/07/2021.
- **AMF2021-8.-** Instalación de novas infraestruturas, así como da adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.

A información completa das accións de mellora amósase no apartado 3, Plan de Melloras do centro.

## Directriz 6. Información pública

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

**Actuacións máis relevantes. Análise do funcionamento dos procesos e da evolución dos indicadores de calidade.**

### Publicación da información

Toda a información relacionada cos procesos e procedementos seguidos pola Facultade para o desenvolvemento das súas funcións e procesos formativos das titulacións GEPQI, GNHD e MPRL e SM, atópase publicada da seguintes formas:

- Páxina Web da USC.- Mostra información de ámbito xeral para toda a Universidade.
- Páxina Web da Facultade de Ciencias.- Presenta información completa e detallada relacionada co Centro e coas súas titulacións.
- Taboleiros do Centro.- Incorporan información de diversa índole, destinada aos grupos de interese do Centro.
- Pantalla de información e anuncios.- Presenta información actualizada sobre convocatorias e prazos académicos, cursos, becas, ofertas de emprego, servizos da USC e actividades culturais. Esta información tamén se remite semanalmente a tódolos colectivos do Centro por correo electrónico.

A páxina Web e o correo electrónico son as principais canles de comunicación do Centro cos colectivos de interese. Ademais, tamén se utiliza o correo electrónico para remitir aos egresados das titulacións da Facultade as ofertas de emprego que se reciben tanto por parte de empresas como por parte da Área de Orientación Laboral e Emprego da USC.

Debido a isto, tómanse en conta as suxestións que os diferentes colectivos poidan efectuar en relación tanto a utilidade ou interese dos contidos como a súa accesibilidade.

En canto a información relacionada co seguimento e revisión do SGC, esta atópase publicada no seguinte enlace Web da Facultade de Ciencias:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/calidade>

Do mesmo xeito tamén se atopa publicada toda a información relacionada co seguimento dos títulos que se imparten na Facultade nos seguintes enlaces:

- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais

<https://www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-procesos-quimicos-industriais>

- Grao en Nutrición Humana e Dietética  
<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-saude/grao-nutricion-humana-dietetica>
- Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias  
<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-innovacion-nutricion-seguridade-tecnoloxia-alimentarias>
- Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos  
<https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/enxenaria-arquitectura/master-universitario-enxenaria-procesado-alimentos>

### Medida da eficacia e utilidade da información pública.

A Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (IN23G) non foi provisto pola USC para ningunha das titulacións no curso 2019-20. A táboa amosa os valores dos 4 anos anteriores. Neste curso realizouse un gran esforzo para mellorar a información da Web, tanto na súa estrutura como na actualización e mellora de contidos, incluído os meses de estado de alarma pola COVID19. Todos os anos faise unha xornada de Benvida que ten lugar o primeiro día de curso, na que se presenta páxina Web do centro e dos títulos, a súa estrutura e contidos. Parece que estes esforzos viñan compensados coa valoración da información pública que comezaba a ser apreciada polos egresados.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
GEPQI	3,20	3,00	4,20	4,0	-
GNHD	4,65	3,47	2,52	3,73	-
MPRLeSM	4,07	2,50	3,26	4,0	-

### Evolución das accións de mellora propostas no Plan de Melloras do curso anterior

No curso académico 2018-2019 finalizáronse as seguintes accións de mellora:

